




Banco de ideas Detección de oportunidades de negocio na comarca de Santiago



Banco de ideas
Detección de oportunidades de negocio
na comarca de Santiago



Banco^{de} ideas

**Detección de oportunidades de negocio
na comarca de Santiago**

Caracterización dos concellos.
Diagnose de situación por concellos e fichas
das oportunidades de negocio detectadas.



Elaborado por:
PROXECTOS, CONSULTORÍA E FORMACIÓN, S.L.

Diseño e maquetación:
Esther Sierra Abraín

Imprime:
Litonor

Dep. Legal: C 4376-2007

Índice

1. PRESENTACIÓN DO ESTUDO	7
2. SECUENCIA DA ANÁLISE	11
3. CARACTERIZACIÓN DOS CONCELLOS	13
3.1. Concellos rurais	13
3.1.1. Caracterización xeral dos concellos rurais	13
3.1.2. Análise por concellos	13
3.2. Concellos residenciais	26
3.2.1. Caracterización xeral dos concellos residenciais	26
3.2.2. Análise por concellos	26
3.3. Santiago de Compostela	32
4. FICHAS DE OPORTUNIDADES DE NEGOCIO	
4.1. Concello Rurais	43
4.2. Concellos Residenciais	58
4.3. Santiago de Compostela	72
4.4. Non clasificadas	103

Este banco de ideas de negocio do proxecto Equal Compostela Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, ten como obxectivo ser o inicio dun camiño que siga implicando nun futuro en común a todas as entidades da AD Compostela Social na área do emprendemento. Unha prioridade e un reto que nos anima, día a día, a continuar na liña de crear unha contorna favorable para a creación, a consolidación e o crecemento dun emprendemento aberto a todos e a todas.

O establecemento de novas oportunidades de negocio é unha das claves fundamentais para o desenvolvemento económico e social da nosa comarca. O instrumento que hoxe presentamos permitirá non só respectar senón tamén poñer en valor o entorno no que se desenvolverán.

Tras unha reflexión estratéxica do noso contexto poñemos á vosa disposición estas ideas de negocio que contan coa orixinalidade e innovación necesarias para crear un entorno competitivo. Ao tempo, presentan rigor metodolóxico na súa elaboración, un sólido sustento en canto a súa viabilidade empresarial e permitirán a creación de novos empregos.

Xosé Manuel Iglesias Iglesias

Presidente da Agrupación de desenvolvemento Compostela Social.

1. PRESENTACIÓN DO ESTUDO

O Proxecto Compostela Social. Talleres de Empresarios para a Inserción Sociolaboral (TEIS), que forma parte da iniciativa Equal e está financiado polo Fondo Social Europeo, ten como principal obxectivo o fomento do espírito empresarial e a creación de empresas por parte de aqueles colectivos da Comarca de Santiago (Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra) que presentan maiores dificultades para acceder ao mercado laboral e que teñen vocación emprendedora, para os cales os programas de inserción tradicionais non resultan eficaces.

A presente diagnose responde aos fundamentos deste proxecto, na medida en que se traducirá nunha ferramenta de apoio para os emprendedores da comarca santiaguesa, e máis en concreto para aqueles colectivos en situación de desigualdade, como son as mulleres maiores de 45 anos, mozos sen cualificación, familias monoparentais, parados de longa duración, discapacitados e vítimas de violencia doméstica.

É indubidable que a igualdade de oportunidades é unha obriga dos poderes públicos, e un compromiso asumido polas diversas Administracións e entidades comprometidas cos colectivos desfavorecidos da sociedade. Dentro da integración sociolaboral, a promoción de determinados colectivos xoga un importantísimo papel no incremento do benestar social e da competitividade das economías locais.

Pese á existencia dun marco de dereito igualitario garantido na Constitución e noutros niveis lexislativos, as desigualdades que teñen orixe nas características sociolóxicas da poboación, seguen a ser patentes a día de hoxe

- As taxas de desemprego feminino son claramente superiores
- Os mozos presentan maiores dificultades para atopar o seu primeiro emprego
- Os novos modelos de convivencia, como as familias monoparentais, atópanse nunha situación de desvantaxe pola dependencia existente e falta de recursos, de cara a unha integración laboral

- A tendencia á diversificación da economía, provoca a falta de readaptación noutros postos de traballo de determinados perfís sociolaborais moi marcados, existindo deste xeito parados de longa duración.
- Outras circunstancias como a discapacidade, a priori supoñen un factor de desvantaxe nun mercado laboral cada vez máis competitivo.

Con esta perspectiva preténdese obter unha diagnose que nos permita detectar oportunidades de negocio, que encaixen na maior medida posible, co perfil dos emprendedores.

A presente diagnose divídese en dúas áreas de análise:

- Análise de poboación. En base a un estudo da poboación do concello analizado, poderán ser identificadas as oportunidades de negocio que satisfagan as necesidades de cada segmento de poboación.
- Análise económico sectorial. Mediante o estudo dos principais sectores económicos, serán identificados aqueles nichos de mercado existentes, tanto pola carencia de determinadas empresas como pola falta de diversificación ou modernización.

Ao longo dos meses de Maio, Xuño, Xullo e Agosto de 2006, levouse a cabo un estudo para detectar oportunidades de negocio na comarca de Santiago. A tal fin, foron consultadas fontes de datos secundarias e bases de datos empresariais, así como prestacións persoais por parte dos técnicos de emprego dos concello participantes no Proxecto Compostela social ou no seu defecto aos técnicos vinculados ao proxecto. Sirvan estas liñas de agradecemento.

Fontes de datos consultadas:

- Instituto Galego de Estatística
- Rede rural

- Base de datos Ardán
- Camerdata
- Anuario económico de España
- Páxinas amarelas
- Páxinas webs dos concellos

2. SECUENCIA DA ANÁLISE

○ presente traballo recolle as principais conclusións do estudo. Estruturase en torno a dous capítulos.

○ capítulo 2 constitúe unha análise de carácter moi específico da situación de partida, baseado tanto na consulta de información secundaria, por medio das fontes de información expostas anteriormente, como por aportacións de tipo cualitativo. Dispónse de estudos amplos referentes tanto ao Concello de Santiago como á comarca, que se tiveron en conta na redacción deste documento.

○ fin deste capítulo, en todo caso, non é senón presentar aqueles aspectos de diagnose relevantes para o proxecto actual. Por un lado identificáronse as principais diferenzas existentes entre os concellos no referente á estrutura social e económica o que derivou na consideración de tres categorías: concellos rurais, concellos residenciais e Santiago de Compostela. Por outro lado foron identificadas as liñas de negocio acordes á realidade socioeconómica de cada unha das categorías.

Co fin de identificar a situación de cada unha das oportunidades, foron entrevistados os técnicos municipais, co fin de valorar a viabilidade e idoneidade das oportunidades de negocio en cada un dos concellos.

Finalmente serán expostas 57 fichas das Oportunidades de negocio detectadas.

3. CARACTERIZACIÓN DOS CONCELLOS

3.1. Concellos rurais

3.1.1. Caracterización xeral dos concellos rurais

Os concellos están caracterizados por rexistrar unha poboación menor, tendencia ao envellecemento, importancia do sector primario e con importantes recursos naturais e patrimoniais.

Neste grupo estarían encadrados os concellos de Boqueixón, Brión, Val do Dubra e Vedra.

As oportunidades de negocio detectadas nestes concellos baséanse en primeiro lugar na escasa oferta comercial, principalmente de determinadas actividades. Igualmente, os recursos naturais e patrimoniais, así como a calidade de vida que ofrecen son todo un potencial de cara a oferta de determinados servizos persoais e de ocio con gran capacidade de atracción.

Cabe falar igualmente das necesidades poboacionais propias destes concellos susceptibles de ser cubertas por novos negocios, como as tendas especializadas ou os servizos de asistencia.

Por outra banda, o sector primario cobra especial importancia neste tipo de negocios, cunha clara tendencia á modernización.

3.1.2. Análise por concellos

CONCELLO DE BRIÓN

POBOACIÓN

Non ano 2004, o concello de Brión rexistra unha poboación total de 6.674 segundo o Anuario económico de España, cifra que aumenta dende o ano 2001 en torno aos 400

habitantes, unha variación relativamente baixa con respecto a outros concellos da comarca, como Teo ou Ames; pero que cabe ter en conta de cara a análise da realidade socioeconómica.

En canto á estrutura poboacional, cabe destacar o índice de dependencia de maiores (51), o máis alto despois de Val do Dubra e Boqueixón. Cuestión relevante tendo en conta as necesidades específicas deste segmento de poboación, principalmente no referido aos servizos de asistencia e acompañamento.

Trátase dun concello eminentemente rural, cunha poboación moi dispersa, aínda que cabe salientar o crecemento de poboación que está a experimentar o lugar de "Os Ánxeles", a onde se está a desprazar poboación procedente de Santiago.

ECONÓMICO SECTORIAL

A diferenza da gran maioría dos concellos da comarca, o concello de Brión mantén invariable a súa actividade económica entre os anos 1999 e o 2003.

■ Sector primario

A actividade económica do concello céntrase principalmente neste sector, existindo principalmente no norte do concello gran número de explotacións gandeiras e agrícolas.

Cabe salientar o proxecto de "Granxa electrónica" por parte do propio concello, co que pretenden dar saída a produtos de horta das explotacións agrícolas particulares por medio da venda por internet, que estará operativa a finais do ano 2006. Dito proxecto sería xestionado por unha empresa que se encargaría da venda por internet, así como da distribución dos produtos.

■ Sector industrial

A pesar de ser un sector con escasa importancia no conxunto da economía local, está proxectada a construción dun polígono industrial, onde se situarán tanto empresas do propio concello como foráneas.

"O Concello xa chegou a un acordo para o asentamento de arredor de 50 empresas no futuro polígono". Técnico do concello de Brión

Esta circunstancia fai viable a creación de empresas que ofrezan determinados servizos, como de limpeza ou seguridade.

■ Comercio polo miúdo

No referente ao comercio polo miúdo, a pesar do descenso desta actividade en termos xerais, o crecemento de núcleos de poboación coma "Os Ánxeles", permite falar da tendencia a unha maior demanda de determinados produtos e servizos, principalmente de alimentación. No entanto, cabe ter en conta a tradición da poboación de desprazarse ao concello de Ames, o que supón unha ameaza de cara ao desenvolvemento do tecido comercial do municipio.

■ Turismo/hostalería

Na zona sur do concello, están a proliferar un número importante de establecemento de hostalería, dentro dos cales destaca o Hotel Balneario, a Casa de Rosalía, así como toda unha rede de casas de turismo rural.

Neste sentido, cabería a posibilidade de ampliar a oferta hostaleira, en tanto que as prazas existentes están cubertas na meirande parte do ano. Isto permite falar da viabilidade de establecementos con maior capacidade, como un hotel de natureza.

Cabe falar tamén do relativo crecemento das actividades de restauración e bares, que a día de hoxe presentan unha oferta saturada, xa que gran parte dos establecementos de hospedaxe contan con servizos de restauración. Existe igualmente unha ampla oferta por parte de restaurantes e mesóns na zona.

Porén, cabe falar da viabilidade de crear restaurantes ou mesóns en rota preto da autovía dirección a Noia, xa que os que existen a día de hoxe atópanse lonxe das principais saídas.

Existen no concello varias rotas de sendeirismo sinaladas, e está previsto sinalar algunha máis nos próximos meses. Se a isto se lle engade o potencial das instalacións do embalse así como a área recreativa, existe a posibilidade de crear unha empresa de tempo libre ou xestión turística.

"No seu día houbo un emprendedor interesado en crear unha empresa deste tipo, aínda que ao final non se levou a cabo" **Técnica municipal de Brión**

■ Servizos á poboación

Tal e como se apuntou anteriormente, o concello de Brión presenta unha estrutura poboacional envellecida, polo que existe unha alta demanda de servizos de asistencia. Cabe apuntar que a día de hoxe estanse a acometer as obras do futuro centro de día, cuxa xestión será cedida a unha empresa. Igualmente os servizos de asistencia a domicilio do concello están contratados a unha empresa de fora do concello, o que fai viable a creación dunha empresa semellante por emprendedores locais, máxime cando existen numerosas emprendedoras que realizan actividades de asistencia dende a economía informal.

"Existen varias mulleres interesadas en crear empresas deste tipo". Técnica concello de Brión

Igualmente, habería a posibilidade de crear vivendas comunitarias, non só para a poboación maior, senón tamén para discapacitados.

Por outra banda, a existencia do Hotel balneario así como toda unha rede de casas de turismo rural, fai viable a creación dunha empresa de lavandería, servizos inexistente no concello.

No concello existen varios centros que dispoñen de comedor, como a gardería ou as escolas unitarias, coa necesidade non cuberta dun servizo de catering. (Cabería a posibilidade de ofrecer dito servizo en colaboración coa empresa de axuda a domicilio que está a traballar no concello)

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

POBOACIÓN

O concello de Boqueixón conta cunha poboación de 4.337 habitantes no ano 2004 segundo o Anuario económico de España. A evolución nos últimos anos é positiva, aínda que non moi pronunciada se a comparamos con concellos como Ames ou Teo.

En canto á estrutura da poboación por idades, cabe falar do relativo envellecemento da poboación, con predominio dos segmentos de maiores, como así reflicta o índice de dependencia de maiores (53), o máis alto da comarca despois de Val do Dubra.

ECONÓMICO SECTORIAL

■ Sector primario

En canto ao sector primario, en termos relativos non cobra tanta importancia coma outros concellos da comarca, pero compre ter en conta a produción agrícola de determinados produtos de gran valor, como pode ser o viño.

■ Sector industrial

O concello de Boqueixón presenta un crecemento pronunciado da actividade industrial no período de 1999 - 2003, pola creación de empresas relacionadas principalmente co sector do metal e da madeira, principalmente como provedoras da empresa Santos, dedicada á venda de baños, cociñas e outros produtos relacionados co fogar.

Cabe falar da existencia de dous polígonos industriais de recente creación, o que fai viable a oferta de determinados servizos a empresas, como os de limpeza ou seguridade.

■ Turismo/Hostalería

Os establecementos de bebidas (bares, cafetería) son o tipo de establecementos máis numerosos e que presentan as maiores cifras de crecemento nos últimos anos.

Cabe falar da relativa importancia da poboación xuvenil comprendida entre os 25 e os 35 anos, a pesar dos índices de dependencia de maiores. Isto propicia unha maior demanda de determinados establecementos de hostalería como bares ou pubs, o que pode dar lugar a algunha oportunidade de negocio.

A restauración é un mercado incipiente no concello, en tanto que a pesar da escasa importancia na economía, rexistra un lixeiro crecemento nos últimos anos. Porén, cabe falar da falta de especialización e modernización de moitos dos establecementos. Este factor é determinante á hora de facer viable este tipo de negocios, xa que se ben o mercado local non é moi amplo, a orixinalidade e innovación pode aumentar o poder de atracción de clientela procedente de concellos limítrofes.

No referente a establecementos de hospedaxe, o concello presenta unhas cifras máis ben negativas, xa que a pesar de existir determinados recursos naturais (o mellor exemplo é o Pico Sacro), as posibilidades de impulsar o turismo de natureza están limitadas pola escaseza de infraestruturas deste tipo.

"Só existe unha casa de turismo rural". Técnica municipal de Boqueixón

■ Comercio polo miúdo

O concello de Boqueixón, a pesar de ser considerado como rural no presente estudo, conta con determinados núcleos de poboación como pode ser Estevo no que se están a construír novas edificacións e en consecuencia está a experimentar un proceso de inmigración semellante ao de Teo e Ames, que se orixina polos desprazamentos de centro - periferia. Así, as perspectivas de crecemento deste sector son optimistas na medida en que estes núcleos están a configurarse como zonas urbanas de crecemento paulatino, carentes en moitos casos do tecido comercial suficiente. Nesta liña, a demanda de determinados bens de primeira necesidade, como a alimentación e bebidas, configúranse como unha oportunidade de negocio.

■ Servizos á poboación

A este respecto cabe destacar as oportunidades de negocio que xurden desta realidade, en tanto que dito segmento é demandante dunha serie de servizos específicos, relacionados principalmente coa asistencia. Neste senso, non existe ningún tipo de establecemento ou servizo de asistencia no concello, o que faría viable a constitución dunha empresa de asistencia a domicilio, casa comunitaria ou algunha outra iniciativa que cubra as necesidades da terceira idade, tendo en conta ás limitacións que impón o escaso público obxectivo a nivel municipal.

VAL DO DUBRA**POBOACIÓN**

Non ano 2004, o concello de Val do Dubra rexistra unha poboación total de 4.642 habitantes segundo o Anuario económico de España de Lacaixa, despois dun descenso relativamente importante dende o ano 2001.

En canto á estrutura poboacional, Val do Dubra conta coas cifras máis negativas en canto ao envellecemento da poboación, como así reflexa o índice de dependencia de maiores, que resulta o máis alto da comarca.

ECONÓMICO SECTORIAL

■ Sector primario

A principal fonte de riqueza do concello de Val do Dubra provén do sector primario, tanto da gandería como de pequenas explotacións agrícolas, así como do aproveitamento forestal das terras.

A este respecto, dende o concello de Val do Dubra, e conscientes do potencial endóxeo no referente ao sector primario, estase a impulsar a creación de explotacións de agricultura ecolóxica, así como empresas relacionadas co aproveitamento forestal (viveiros forestais)

Cabe ter en conta o problema ao que se enfronta o sector primario non só en Val do Dubra, senón no conxunto de Galicia, que non é outro que as dificultades para a comercialización dos seus produtos. A este respecto, a constitución dunha empresa de distribución de produtos alimenticios, supón unha oportunidade para colocar a produción en determinados puntos de venda.

■ Sector industrial

No referente ao sector industrial, este aumentou a súa actividade lixeiramente nos últimos anos, debido en gran parte á aparición de novas empresas, pequenas na gran maioría, relacionadas coa construción.

A principal empresa do concello pertence ao sector da metalurxia, que sustenta ao mesmo tempo determinadas empresas auxiliares.

■ Servizos á poboación

En canto ao servizos á poboación, tendo en conta o relativo envellecemento, cabe falar da existencia dunha casa comunitaria, que está en trámites para constituírse como pequena residencia. A creación doutro tipo de servizos, como asistencia a domicilio, está claramente limitada pola escaseza de mercado.

■ Hostalería/actividade turística

No referente ao sector hostaleiro, os establecemento de bebidas (bares, cafeterías...), son o tipo de establecementos máis abundantes, a pesar de non rexistrar unha evolución posi-

tiva nos últimos anos. Por outro lado, entre o ano 1999 e o 2003, medrou de forma considerable o sector da restauración, coa creación de determinados restaurantes con certo poder de atracción de clientes foráneos, debido a especialización ou o valor engadido que aporta a súa oferta.

"Un exemplo claro é o restaurante que ofrece o prato de ancas de ra que atrae a moita xente de fóra". **Técnica do Concello de Val do Dubra**

No referente a establecementos de hospedaxe, cabe falar da non existencia de casas de turismo rural, a pesar de tratarse dun dos concello con maiores espazos naturais e riqueza paisaxística da comarca.

A inexistencia de determinadas infraestruturas hostaleiras supón unha desvantaxe de cara a un maior aproveitamento turístico dos recursos.

"A este respecto, cabe falar da chegada de excursións procedentes de fóra do concello e incluso de Galicia, que non teñen máis remedio que hospedarse no polideportivo, así como noutras instalacións non preparadas para tal efecto". **Técnica municipal de Val do Dubra**

Se a isto lle engadimos a escasa oferta a nivel comarcal de establecementos de hospedaxe con capacidade, a creación de Albergues, camping así como outro tipo de establecementos, configúranse como oportunidades de negocio.

■ Ocio e deportes

A gran extensión do municipio, así como as posibilidades de dispoñer de terreos afastados das zonas residenciais, supoñen unha oportunidade de negocio para determinadas actividades de carácter lúdico, como un circuito de cross.

"Cabe destacar a iniciativa levada a cabo por un veciño do concello a nivel particular, que no seu día conseguiu atraer xente afeccionada de fóra do concello" **Técnica municipal de Val do Dubra**

A creación de rotas de sendeirismo, aproveitamento de determinados enclaves (Pantalán), zonas aptas para o parapente, convirten a Val do Dubra nun concello idóneo para o desenvolvemento de actividades na natureza.

■ Comercio polo miúdo

O sector de comercio polo miúdo non é un dos sectores con maiores perspectivas do crecemento a curto prazo, debido á falla de mercado e a proximidade de zonas de gran actividade comercial como Santiago, non obstante cabe ter en conta os prognósticos de creación de novas vivendas en lugares como Portomouro ou Bembibre, onde está prevista a construción de vivendas, que freará o descenso poboacional experimentado nos últimos anos. A este respecto, pódese falar de oportunidades de negocio que xiren en torno a negocios que oferten bens de primeira necesidade, principalmente de alimentación e bebidas.

CONCELLO DE VEDRA

POBOACIÓN

O concello de Vedra conta cunha poboación total de 5.057 no ano 2004 segundo o anuario económico de España. Experimenta unha variación negativa nos últimos anos, aínda que non moi pronunciada.

A estrutura poboacional corresponde á dun concello rural, cunha poboación relativamente envellecida con respecto a outro concellos máis urbanos.

O perfil de residente é o de traballador do sector primario ou industrial, cun nivel adquisitivo medio.

ECONÓMICO SECTORIAL

A actividade económica non experimenta grandes variacións nos últimos anos, ao igual que no caso de Brión, no entanto, cabe ter en conta certas diferenzas segundo sectores.

■ Sector primario

○ sector primario reduciu o seu peso nos últimos anos de xeito considerable, sobre todo no referente á gandería xa que a penas quedan explotación. En canto ao sector vitivinícola, este está a experimentar un proceso de reconversión, en tanto que as exixencias por parte da administración son cada vez maiores.

Nese sentido, sería viable unha empresa dedicada a ofrecer servizos de viticultura (poda de viñedos, tratamentos químicos...)

Por outra banda, cabe falar que dende o concello estase a impulsar un Plan de dinamización agraria co apoio da Consellería, co fin de facer viable a creación de explotacións agrarias para o aproveitamento dos recursos existentes.

Estase promovendo un acordo entre o concello e unha empresa dedicada á venda de plantas ornamentais que potenciaría a creación deste tipo de explotación, polo que unha experiencia deste tipo tería unha boa aceptación no concello.

Existen problemas para a comercialización dos produtos fóra do concello, polo que unha empresa de distribución sería viable.

○ súper con agrotenda configúrase como unha oportunidade de negocio en gran parte dos concellos rurais, non obstante cabe dicir que en Vedra está localizada a empresa Labralia, de certa envergadura a nivel galego, e que conta con dúas tendas no concello.

■ Sector industrial

○ sector industrial aumenta a súa importancia na economía local nos últimos anos, aínda que por baixo da media comarcal.

Está proxectado a creación dun parque empresarial, que en todo caso depende do plan de urbanismo, polo que podería retrasarse no tempo.

○ sector industrial non ten moita importancia a pesar de aumentar lixeiramente a actividade económica nos últimos anos. (Como exemplo, existen no concello unha fábrica de pensos e un matadero de Polo)

Existen igualmente gran cantidade de carpinterías no concello aínda que máis que diversificar dito sector, sería interesante a contratación de persoal cualificado co fin de mellorar a produción das empresas existentes.

■ Servizos á poboación

A aprobación do novo Plano urbanístico recolle a urbanización de determinadas zonas do concello, polo que se faría necesaria a intermediación inmobiliaria (axencia inmobiliaria).

"Xa existe unha axencia inmobiliaria en Estevo, que está no concello de Boqueixón, e que funciona bastante ben, e o que está a pasar alí con respecto á construción é probable que acabe pasando tamén en Vedra". Técnica municipal de Vedra.

Por outra banda, sinalar o interese por residir no concello, pola proximidade con Santiago, sen embargo existe moito arraigo á terra no concello, polo que habería que buscar a forma de liberalizar máis as terras, o que favorecería a chegada de poboación e o desenvolvemento do Concello.

○ servizo de axuda a domicilio xa é ofrecido polo propio concello, que ao mesmo tempo non está interesado en contratar este servizo a unha empresa.

■ Actividade turística/hostalería

É o único concello que conta cunha variación negativa da actividade turística da comarca, a pesar de rexistrar no ano 2003 as mellores cifras despois de Santiago e Teo. Cabe ter en conta o auxe de establecementos de curta duración, o repunte dos establecementos de bebida e a consolidación das actividades de restauración.

○ concello de Vedra está a impulsar a adecuación das ribeiras do río, tanto ca construción de paseos fluviais como a restauración de muíños. Existen varias zonas de gran afluencia de turistas ou visitantes, polo que a localización dun posto ambulante de alimentación e bebida ou ou algunha taberna configúranse como toda unha oportunidade.


"Incluso habería a posibilidade de aproveitar un muíño para facer unha taberna". **Técnica municipal de Vedra**

○ sector da restauración está bastante consolidado, existindo 8 establecementos cunha calidade media-alta. A principal fonte de ingresos provén tanto da poboación local como de concello limítrofes, en gran medida pola zona de Vedra, chamada "horta de Santiago" xunto con Boqueixón. Tamén axuda o feito de existir no concello gran número de festas.

Sería interesante un restaurante especializado en comida típica de Vedra, para o cal se tería que investigar previamente con profundidade sobre a gastronomía de Vedra, xa que é moita a xente que pregunta.

O feito de que o concello estea cerca da Autovía e outras estradas de certa importancia, fai viable a priori todo tipo de establecementos, como moteis ou restaurantes en rota que se aproveitaran do tránsito de xente, non obstante cabe dicir que existe xa un motel e varios restaurantes.

CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA SEGÚN CATEGORÍAS DE CONCELLOS
CONCELLOS RURAIS. Brión, Boqueixón, Val do Dubra e Vedra



3.2. Concellos residenciais

3.2.1 Caracterización xeral dos concellos residenciais

Os concellos residenciais están caracterizados por un importante aumento da poboación debido ao desprazamento da poboación dende o centro de Santiago ate as aforas, unha tendencia semellante á de outras cidades de Galicia, que responde ás preferencias por un abaratamento dos custes da vivenda, así como a busca de maior calidade de vida, fuxindo dos centros das cidades.

As oportunidades de negocio detectadas nestes concellos baséanse por un lado no baixo índice de saturación de determinadas actividades comerciais e hostaleiras, pero tamén en resposta ao estilo de vida dunha poboación cunha serie de peculiaridades sociolaborais.

3.2.2. Análise por concellos

CONCELLO DE AMES

POBOACIÓN

No ano 2004 o Concello de Ames rexistra unha poboación total de 20.840 habitantes, cifra que se incrementa de xeito pronunciado dende o ano 2001.

A tendencia apuntada anteriormente no concello de Santiago de desprazamento da poboación do centro á periferia está a favorecer o crecemento de gran parte da comarca santiaguesa, pero principalmente a Ames e Teo.

Sen dúbida algunha Ames é o concello cunha estrutura social por idades máis rexuvenecida do conxunto da comarca, como así reflexa o índice de dependencia infantil (25,3), o máis alto da comarca. Nesta liña o índice de dependencia de maiores resulta ser claramente inferior ao resto de concellos.

Neste senso, a estrutura de poboación propicia a creación de determinadas empresas que respondan á demanda dunha poboación cunhas características sociolóxicas moi definidas.

O perfil de novos residentes responde ao de familias nas que traballan tanto o home como

a muller, cun nivel cultural e adquisitivo medio-alto.

ECONÓMICO SECTORIAL

Ames experimenta un aumento do seu índice de actividade, pasando de 20 a 30 entre o ano 1998 e o 2003. No entanto, cabe ter en conta as diferenzas no crecemento segundo o sector. En primeiro lugar cabe falar que a economía local de Ames é bastante heteroxénea xa que ningún dos sectores a analizar destaca por riba dos outros (industria, comercio, restauración e turismo)

Porén a evolución destes sectores experimenta evolucións diferentes.

■ Actividade industrial

A actividade industrial aumenta un 39% entre o ano 1999 e o 2004, o incremento máis pronunciado de todos os concellos da comarca é claramente superior á media provincial e autonómica.

○ crecemento deste sector ven determinado en gran medida pola proliferación de empresas relativas á construción. Sen embargo é un sector que está carente de provedores no referente a empresas de reformas: fontanería, electricidade...

■ Turismo hostalería

○ concello de Ames presenta o índice de actividade turística dos máis baixos de toda a comarca, no entanto, a evolución nos últimos anos foi claramente positiva, cunha variación a alza superior incluso á de Santiago de Compostela.

En canto ao sector da hostalería pódese constatar que aínda que este non rexistra unha gran importancia, estase a producir un repunte destas actividades, principalmente no referente a hoteis.

A nova autoestrada cara Noia pode abrir posibilidades de creación dun Hotel en rota, motel ou algo semellante.

En canto ao sector da restauración, hai moi poucos restaurantes de calidade ou especializados, polo que habería mercado para a creación de máis establecementos.

"Están a ter un gran éxito os restaurantes tradicionais no rural, só existe unha e habería lugar para outra". **Técnico municipal de Ames**

■ Sector comercial

O concello de Ames sustenta o seu crecemento principalmente no sector servizos, grazas ao crecemento pronunciado da poboación por mor da tendencia ao desprazamento poboacional do centro á periferia na área urbana de Santiago de Compostela.

En canto ao sector comercial, este presenta unha alta mortalidade posto que conta cun amplo mercado obxectivo que contrasta cunha escasa oferta, o que permite detectar oportunidades de negocio con facilidade. Porén o perfil de empresa de nova creación carece en ocasións dun maior nivel de modernización e especialización que responda ás expectativas dun mercado cada vez máis esixente e onde a competencia comercial de Santiago é moi forte.

Polo tanto, a viabilidade dos negocios de comercio polo miúdo ven determinada máis pola súa calidade que polo tipo de negocio, a pesar de existir diferenzas na saturación comercial segundo o tipo de establecemento.

Nesta liña, cabe falar da viabilidade de tendas especializadas na poboación infantil (existe unha en Milladoiro pero non en Bertamiráns), así como establecementos de produtos artesanais ecolóxicos, polo perfil dos residentes. Non existe por outra banda, ningún establecemento de perfumería.

■ Servizos persoais.

Cabe falar da escaseza de determinados servizos persoais, que responden en gran medida ao perfil dos residentes no concello. Obradoiro téxtil de roupa á medida, servizos de antiestres/yoga e outros polo estilo.

A creación dun ximnasio ten como inconvinte que dende o concello se está a ofertar este servizo, situado na piscina municipal.

CONCELLO DE TEO

POBOACIÓN

O concello de Teo rexistra unha poboación total de 16.428 no ano 2004 segundo o Anuario económico de España, converténdose así no terceiro núcleo de poboación máis importante despois de Santiago e Ames, principalmente polo proceso de inmigración procedente da propia cidade compostelá, na última década.

A estrutura socioeconómica é semellante á do concello de Ames, podendo afirmar que se trata dun concello residencial polo perfil sociolaboral dos residentes, caracterizado por un nivel adquisitivo e cultural medio alto e empregados de profesións liberais.

Cabe apuntar a importancia que teñen núcleos de poboación como Cacheiras, que concentran gran parte da poboación, existindo igualmente zonas do concello de marcado carácter rural.

ECONÓMICO SECTORIAL

O concello de Teo presenta unha variación positiva do 10% entre os anos 1999 e 2003 no referente á actividade económica.

Os sectores máis puxantes da economía local son o comercio por xunto así como o sector da restauración.

■ Sector industrial

A pesar de ser un sector con relativamente pouca importancia no conxunto da economía local, a evolución experimentada no período 1999-2004 o convirten nun dos sectores máis puxantes, cunha variación do 32%.

Dita evolución responde ao auxe da construción de novas vivendas en resposta aos desprazamentos da poboación dos últimos anos.

Ao igual que acontece no concello de Ames, este sector presenta certas carencias en canto aos provedores, no referente a empresas de reformas (aproveitando os baixos comerciais baleiros) e acabado de edificios: fontanería, electricidade...

■ Comercio polo miúdo

O concello de Teo presenta unha alta mortalidade de establecementos comerciais, en gran medida pola non adaptación ás esixencias ou peculiaridades do público obxectivo.

Neste senso, pódese constatar unha escasa oferta de ferraxería, tendas especializadas na poboación infantil, tenda de lambetadas, tenda de decoración para o fogar.

■ Turismo/hostalería

O sector restauración experimentou un crecemento considerable, podendo consideralo como un dos principais motores de crecemento económico, destacando o auxe dos mesóns tradicionais no medio rural, cunha gran aceptación.

A pesar de non existir un gran número de hoteis ou outro tipo de establecementos de hospedaxe, cabe apuntar unha tendencia á alza nos últimos anos, en consonancia co aumento da actividade turística.

Neste sentido cabe falar das posibilidades que presenta o concello no referente ao turismo termal, en tanto que existen augas sen explotar, polo que sería viable a construción dun balneario.

■ Servizos á poboación

O concello de Teo presenta uns altos índices de desprazamento da poboación pola estreita relación con Santiago de Compostela, o que contrasta coa inexistencia de servizos de aluguer de coches, algo idóneo para unha parte da poboación xuvenil, por non dispoñer de automóbil propio. Igualmente dito segmento é dos máis importantes no conxunto da poboación.

Por outra banda, existe unha escasa oferta de servizos de mantemento físico integral, non só ximnasio senón tamén servizos terapéuticos co fin de combater o estrés, así como outros problemas propios do perfil de residente existente.

O alto índice de dependencia infantil contrasta coa escasa oferta de ocio para nenos, o que supón ao mesmo tempo un atranco para un maior desenvolvemento persoal da poboación adulta. Nesta liña, cabería falar da posibilidade de crear centros infantís, que contaran cunha ampla oferta de ocio para os nenos.

CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA SEGÚN CATEGORÍAS DE CONCELLOS
CONCELLOS RESIDENCIAIS. Ames e Teo

SITUACIÓN DE PARTIDA

ANÁLISE POBOACIÓN

- Alto índice de dependencia infantil
- Aumento pronunciado da poboación
- Perfil sociolaboral: profesionais liberais
- Nivel económico relativamente alto

ANÁLISE ECONÓMICO SECTORIAL

- Importancia do sector da construción
- Baixo índice de saturación de comercio polo miúdo
- Alta mortalidade do comercio polo miúdo por falta de adaptación as particularidades do público obxectivo
- Baixo índice turístico
- Baixo índice de saturación hotelera



Orientación das liñas de negocio



LIÑAS DE NEGOCIO

SERVIZOS PERSONAIS ADAPTADOS AO PERFIL SOCIOLABORAL
ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DE CALIDADE E ADAPTADOS Á DEMANDA DA POBOACIÓN
FORTALECEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS
EMPRESAS AUXILIARES DA CONSTRUCCIÓN

3.3. Santiago de Compostela

Trátase dunha cidade cuxo principal motor económico é o turismo e a actividade comercial. A detección de oportunidades en base a nichos de mercado é se cadra máis complicada que nos restantes concellos, onde o tecido comercial non é tan rico. No entanto, o gran poder de atracción permite falar da viabilidade da especialización de determinados servizos, pola amplitude do seu mercado obxectivo.

POBOACIÓN

No ano 2004 rexistra unha poboación total de 92.298 habitantes segundo o Anuario económico de España. A pesar de ser o centro económico e social da comarca, o concello experimenta un descenso aproximado de 1.500 habitantes, que lonxe de supoñer un retroceso socioeconómico, responde á tendencia xeneralizada en gran parte das cidades galegas por mor da escaseza de terreo urbanizable e ao custe da vivenda, propiciando o desprazamento da poboación cara municipios limítrofes.

A estrutura social por idades resulta relativamente nova con respecto á media comarcal. O índice de dependencia é o máis baixo despois do de Teo. Esta circunstancia ven dada polo baixo índice de dependencia de maiores. En canto ao índice de dependencia infantil, sitúase por riba da media comarcal, pero por baixo de concello coma Teo ou Ames, por ser estes o destino de gran parte da poboación desprazada do centro á periferia. Neste sentido, cabe ter en conta a perda de poboación nova, polo que os segmentos de poboación de idade media (adultos 1, adultos 2) son predominantes no conxunto do municipio, aínda que os estudantes, principalmente xoves entre 18 e 25 anos, teñen gran importancia polo que este segmento cabe telo en conta de cara a detección de oportunidades de negocio, así como a poboación foránea, tanto turistas como visitantes.

ECONÓMICO SECTORIAL

■ Sector primario

A pesar de ser Santiago un concello eminentemente urbano, a súa gran extensión permite falar de certa importancia de determinadas explotacións agrogandeiras, que no período de 1989-1999 experimentaron un aumento relativamete alto.

Os principais problemas que se presentan á hora de levar a cabo iniciativas no sector primario en Santiago de Compostela están relacionadas coa dispoñibilidade de solo, non só polo carácter urbano do concello, senón tamén pola cantidade de zonas protexidas existentes a día de hoxe.

Neste sentido, as explotacións de carácter tradicional tenden a desaparecer. Porén estase a optar por un modelo de desenvolvemento agrícola de calidade, no que caben destacar as explotacións de grelo real, cunha gran aceptación no mercado, e que actualmente están a exportar parte da súa produción. Neste sentido, cabería a posibilidade de crear maior número de explotacións, máxime cando o modelo de desenvolvemento está baseado no cooperativismo.

Cabe sinalar as dificultades ás que se enfrontan moitos dos produtores á hora de comercializar os produtos, en consonancia coa realidade que se está a dar en toda a comarca, así como en gran parte de Galicia. A creación dunha empresa de distribución de produtos agrícolas podería solucionar moitos destes problemas.

■ Sector industrial

A pesar de ser o centro socioeconómico da comarca, a evolución nos últimos anos non foi a máis positiva con respecto a outros concello, xa que só aumentou nun 8,75% no período 2001-2004.

As empresas do sector industrial que están a proliferar nos últimos anos son principalmente empresas auxiliares das máis fortes do concello, como Finsa, empresas do sector do automóbil, Televés, así como outras situadas na comarca, como Santos, dedicada á fabricación de cociñas e material para o fogar.

Así mesmo, cabe falar da creación de empresas relacionadas co sector do metal (carpintería metálica), mecánica e electricidade, así como a fabricación de compoñentes electrónicos.

Así, tendo en conta a evolución nos últimos anos, o tipo de empresa máis idóneas para atopar un lugar no mercado son aquelas actividades auxiliares que abastezan as empresas xa existentes.

(Cabe ter en conta que moitas das xa existentes presentan dificultades, por un lado para atopar persoal o suficientemente cualificado, e por outro, os plans de formación internas non están a dar os resultados esperados)

Debido a importancia que no concello ten a carpintería metálica, habería cabida para maior número de empresas de soldadura, así como moldeado de pezas e de plásticos.

Por outro lado, e tendo en conta a importancia do comercio exterior para moitas das empresas situadas no concello, existe unha carencia, apuntada por varios empresarios, de empresas de distribución loxísticas, o que leva en moitas ocasións a contratar empresas foráneas.

Existe igualmente unha demanda por parte das empresas exportadoras no referente ao asesoramento para internacionalizar as empresas, polo que sería viable a creación dunha consultaría de comercio exterior.

Por último, existen carencias na prestación de servizos de análises químicos, probas e valoracións técnicas.

■ Sector comercial

O sector comercial é un dos principais pilares económicos do municipio, cun gran poder de atracción sobre a área de influencia comercial que abrangue non só a comarca senón outras comarcas limítrofes, e que ao mesmo tempo se ve favorecido pola actividade turística.

En termos xerais, e en comparación con outros concellos da comarca, pódese constatar unha relativa saturación comercial, polo que o crecemento deste sector pasa por unha maior modernización, especialización e diversificación.

O factor de éxito dunha actividade comercial no concello de Santiago, ven dado pola forma e a capacidade de adaptarse ao público obxectivo máis que ao tipo de establecemento.

Neste sentido, cabe salientar a proliferación de diferentes establecementos, principalmente de téxtil, cosmética, calzado especializados en determinadas liñas ou marcas famosas, e que están a contar cunha boa aceptación por parte da poboación. Emporiso, a pesar do éxito que están a ter a día de hoxe os establecementos especializados, o auxe deste tipo de establecementos compre asumilo con cautela, xa que existe un certo descoñecemento

sobre a capacidade de respostas por parte da poboación, non tanto en termos cuantitativos, senón máis cualitativos, pola influencia que exercen as culturas predominantes nas eleccións de compra do público obxectivo, o que pode facer máis dano a aqueles establecementos que centran a súa oferta nunha soa liña específica.

Cabe destacar o auxe do sector sanitario, non só na venda de produtos polo miúdo, senón na investigación e fabricación de produtos como próteses, medicamentos, sobre todo tendo en conta a existencia do CHUS (Complexo hospitalario universitario de Santiago). Este sector presenta grandes posibilidades exportadoras.

■ Turistas

A importancia da actividade turística do concello de Santiago fai obrigado ter en conta aos turistas como un segmento de mercado que pode mellorar a demanda de determinados produtos e servizos.

Se temos en conta o perfil de turistas que está a destacar cada vez máis no concello, este caracterízase por ter un nivel adquisitivo medio-alto, idade media avanzada e demandante de determinados servizos que faciliten a súa estancia, así como establecementos cunha oferta de calidade e con produtos típicos da zona ou de Galicia.

Se ben existen a día de hoxe gran cantidade de tendas de artesanía tradicionais, onde se vende a típica "tarta de Santiago", non existe ningún establecemento de delicatessen, onde a calidade sexa a principal característica e onde o turista poda atopar unha oferta de produtos selectos, por moi costosa que sexa xa que estamos a falar dun segmento de mercado cun nivel adquisitivo medio-alto, tal e como se apuntou anteriormente. Igualmente, este tipo de establecementos requiriría de persoal formado en idiomas.

No referente aos servizos demandados polos turistas, co fin de facilitar a súa estancia, cabe falar da carencia en servizos de acompañamento e guías culturais, servizos de canguros, e que ao mesmo tempo contén con persoal formado en idiomas.

Por último, o concello de Santiago está a impulsar a creación dun alberque para cabalos, en tanto que os peregrinos que fan o Camiño de Santiago, teñen dificultades para gardar os cabalos unha vez que chegan a Santiago.

A día de hoxe o concello está a buscar unhas instalacións para a súa situación, co cal é un proxecto que está en proceso de execución, e que precisará dunha empresa que o xestione.

■ Servizos á poboación

A sociedade actual está somerxida nun proceso de autonomía persoal, no que a independencia configúrase como unha das maiores aspiracións dos individuos, pero ao mesmo tempo sen renunciar aos coidados e atencións que requiren as persoas que as rodean, véxase os fillos, maiores; pero tamén para liberarse a un mesmo na medida en que presenta dificultades ou problemas psicosociofisiolóxicos.

En definitiva, están a aumentar de xeito considerable os servizos que garantan a vida normal da persoa.

Nesta liña, sería viable a creación dunha empresa que ofrecese unha asistencia integral da persoa, que non só se limitase aos coidados básicos, senón que cubrise aspectos relativos á vida social, como o acompañamento a paseos.

Os servizos persoais e de calidade están a presentar cada vez maior demanda.

En canto aos servizos para os rapaces, estes están a ter moita aceptación, no entanto, á hora de crear unha empresa de animación sociocultural cabe ter en conta a competencia existente, tanto por parte de organizacións de voluntarios como polo mercado non regulado de determinados servizos de ocio.

■ Turismo/hostalería

Ao igual que acontece co comercio polo miúdo, a viabilidade dos establecementos de hostalería pasa por un alto grao de especialización co fin de chegar a segmentos de poboación con características ou preferencias semellantes.

En canto á restauración, cabe apuntar que existe unha ampla oferta de restaurantes cunha temática relacionada con países, como restaurantes chinos, Xapones... aínda que cabería a posibilidade de crear algún máis sempre que a oferta fora realmente innovadora.

A este respecto cabe falar dos restaurantes con temáticas culturais, como a cultura celta, ou baseado en estilos musicais.

No referente a establecementos de hospedaxe, cabe apuntar unha certa saturación de hoteis, aínda que están a ter un gran éxito os pequenos hoteis situados no casco antigo, aínda que compre ter en conta a gran inversión que requiren este tipo de establecementos polo custe de adquirir unha casa nesa zona.

No período estival, e principalmente nos anos Xacobeos, pódese constatar unha escasa oferta de albergues ou establecementos con gran capacidade para excursións.

CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA SEGÚN CATEGORÍAS DE CONCELLOS

Concello de santiago de compostela

SITUACIÓN DE PARTIDA

ANÁLISE POBOACIÓN

- Poboación invariable nos últimos anos
- Nivel económico relativamente alto
- Importancia dos diferentes segmentos de poboación: residentes, estudantes e foráneos (turistas e visitantes)

ANÁLISE ECONÓMICO SECTORIAL

- Redución do sector primario á produción de calidade (Grelo Real)
- Crecemento do sector primario en base ás empresas auxiliares das máis grandes
- Saturación do comercio polo miúdo
- Falta de adaptación das infraestruturas turísticas ao perfil de turista emerxente
- Falta de adaptación dos servizos personais acordos coa realidade socioeconómica de determinados segmentos de poboación



Orientación das liñas de negocio



LIÑAS DE NEGOCIO

SERVIZOS PERSONAIS ADAPTADOS E DE CALIDADE
SERVIZOS TURÍSTICOS DE CALIDADE
DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO INDUSTRIAL E SERVIZOS A EMPRESAS
EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS DE CALIDADE
ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS ESPECIALIZADOS
ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS INNOVADORES

4. FICHAS DE OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

A continuación serán expostas as oportunidades de negocio detectadas mediante fichas que recollen as principais cuestións a ter en conta polo emprendedor.

Ditas fichas están clasificadas segundo o tipo de concello, tendo en conta a clasificación feita con anterioridade. Neste senso, existen oportunidades de negocio dos concellos rurais, residencias e de Santiago capital. Cabe ter en conta que foi feita un cuarto grupo, no que se inclúen aquelas oportunidades nas que a súa ubicación pode ser en concellos tanto rurais como residenciais como propio Santiago.

Para unha maior identificación visual das Oportunidades negocio segundo tipo de concello. As fichas levarán unha cor diferente:

Concellos rurais ■

Concellos residencias ■

Concello de Santiago de Compostela ■

Non clasificadas ■

Concellos rurais	.páx	43
Circuíto de cross ou Karting	.páx	43
Empresade limpeza	.páx	44
Restaurante temático	.páx	45
Albergue	.páx	46
Empresa de deportes de natureza	.páx	47
Viveiro forestal	.páx	48

Super mercado con agrotenda	pág.	49
Hotel de Natureza	pág.	50
Restaurante na rota	pág.	51
Agricultura ecolóxica	pág.	52
Lavandaría - tinturería	pág.	53
Servizos de asistencia a domicilio	pág.	54
Explotación de plantas ornamentais.	pág.	55
Empresa de xestión de centro de día	pág.	56
Posto ambulante de alimentación e bebidas	pág.	57
Concellos residenciais	pág.	58
Actividades antiestrés e ocio	pág.	58
Obradoiro téxtil de roupa a medida e arranxo	pág.	59
Empresa de reformas	pág.	60
Tenda de decoración	pág.	61
Tenda de lambetadas	pág.	62
Aluguer de automóbiles	pág.	63
Balneario	pág.	64
Centro de ocio infantil	pág.	65
Empresas de fontanería, electricidade, etc.	pág.	66
Perfumería	pág.	67
Restaurante mesón tradicional	pág.	68
Motel	pág.	69
Parafarmacia	pág.	70
Pastelería	pág.	71
Santiago de Compostela	pág.	72
Restaurante espectáculo	pág.	72
Albergue para cabalos	pág.	73
Delicatessen	pág.	74
Obradoiro de escultura	pág.	75
Axencia de tradución e interpretación	pág.	76
Animación sociocultural	pág.	77

Tenda de roupa de traballo	pág. 78
Consultaría comercio exterior	pág. 79
Servizos de podoloxía e pedicura a domicilio	pág. 80
Empresa de servizos turísticos e culturais	pág. 81
Alugueiro de minibuses (con condutor)	pág. 82
Empresa de canguros políglotas	pág. 83
Zapatería especializada	pág. 84
Carpintería metálica	pág. 85
Cosmética especializada e natural	pág. 86
Froitería con servizo a domicilio de zumes e granizados	pág. 87
Alugueiro de coches con publicidade	pág. 88
Restaurante temático: almorzos, comidas e ceas de traballo	pág. 89
Ortopedia.	pág. 90
Tenda especializada para maiores	pág. 91
Empresa de mensaxería	pág. 92
Tinturería franquiciada.	pág. 93
Reciclaxe de tórners e venda de consumibles	pág. 94
Venda, reparación e mantemento de equipos e sistemas informáticos	pág. 95
Tenda de ocio alternativo	pág. 96
Tenda de alimentación	pág. 97
Videoclube especializado.	pág. 98
Tenda de roupa de tallas especiais.	pág. 99
Tenda de conveniencias	pág. 100
Comercio polo miúdo de pescados e mariscos frescos e conxelados.	pág. 101
Empresa de Vending	pág. 102
Non clasificadas	pág. 103
Distribuidora de produtos alimenticios	pág. 103
Tenda infantil	pág. 104
Obradoiro de manualidades	pág. 107
Salón de Beleza	pág. 106
Asesoría fiscal, contable e mercantil	pág. 107
Reparación de calzado	pág. 108

Circuito de cross ou karting	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Aluger de automóviles
CNAE/SIC	7110/7512
IAE	75
DESCRIPCIÓN Disponibilidade de amplo terreo. O circuito contaría con distintos niveis de dificultade, de forma que se puidera adaptar a oferta aos distintos segmentos de poboación (nenos, adolescentes ou adultos). O custe do proxecto ven dado polo acondicionamento do terreo en tanto que o movemento das terras no caso de cross, ou asfaltado no caso de karting, o encarece. Por outro lado, é necesario contar cos vehículos (en función do tipo de circuito), o cal require a priori dun alto investimento.	
XUSTIFICACIÓN Iniciativa con alto poder de atracción entre aficionados do motor. Existe unha iniciativa que non chegou a frutificar no concello de Val do Dubra, pero cuxo promotor conseguiu atraer a xente aficionada doutras zonas. A existencia de grupos de referencia como Fernando Alonso fai que se esperte o interese entre novos grupos	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Val do Dubra
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 persoa contratada
Tipos de cliente	Nenos, adolescentes e adultos
Facturación	Depende das características do recinto
Investimento/Valor do inmovilizado	150.000 €
Gastos	250.000 €
Resultado bruto (%)	Depende das características do recinto
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Media
Intensidade da competencia	Baixas
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Estacionalidade da demanda dependente do clima	Oportunidades Gran afección polo motor na comarca e importancia dos grupos de referencia. Aumento do nivel de renda e tempo de ocio
Fortalezas Disponibilidade de terreo lonxe dos núcleos de poboación	Debilidades Alto custe de investimento inicial
OBSERVACIÓNS Importancia de contar con servizos complementarios como aluguer de material ou maquinaria. Podería ser interesante ofrecer as instalacións para ofrecer cursos de condución segura, organización de campionatos, etc.	

Empresa de limpeza	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Actividades industriais de limpeza
CNAE/SIC	74.7/73.41
IAE	922
DESCRICIÓN As empresas de limpeza teñen como obxecto de negocio proporcionar servizos de limpeza de diversa índole a particulares, comunidades de propietarios, empresas e institucións. A carteira de servizos adoita ser moi ampla, incluíndo por exemplo, limpeza xerais e específicas (de superficies, de teitos desmontables, condutos de aireación, etc) limpeza de mantemento e conservación de edificios, etc	
XUSTIFICACIÓN A creación de polígonos industriais nos concellos de Boqueixón e Brión, pode facer necesaria unha empresa que ofrezca servizos de limpeza en oficinas e naves industriais, podendo ser compatible coa limpeza de vivendas residenciais, comunidades de veciños e baixos de comercio e hostalería no resto da comarca.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Boqueixón, Brión
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 5 empregados
Tipos de cliente	Oficinas, comercios, restaurantes, comunidades de propietarios e particulares
Facturación	103.296 €
Investimento/Valor do inmovilizado	34.915 €
Gastos	99.051 €
Resultado bruto (%)	4,10%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia de particulares en economía sumerxida	Oportunidades Existencia de dous polígonos industriais en Boqueixón Polígono industrial de nova creación en Brión e existencia de previo acordo con empresas para a súa ubicación Baixa oferta deste tipo de servizos
Fortalezas Baixos investimentos para iniciar a actividade Diversificación da carteira de produtos	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas
OBSERVACIÓNS Posible diversificación cara a distintos subsectores de actividade: limpeza industrial, edificios da administración, fogares, locais comerciais e oficinas, servizo integral de limpeza (interiores e exteriores).	

Restaurante temático	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.30/58.12
IAE	671
DESCRICIÓN Os restaurantes temáticos son locais que recrean ambientes relacionados co cine, o deporte, a música, a literatura ou lugares exóticos. Ademais, os restaurantes temáticos ofrecen especialidades culinarias, acompañadas de cervexas, viños e outras bebidas. Pode complementarse esta actividade co servizo a domicilio.	
XUSTIFICACIÓN A especialización da hostalería nos concellos rurais limítrofes a Santiago provocan o desprazamento cara a estas zonas en busca de restaurantes típicos ou con encanto. No apartado de observacións, apúntase exemplos de ideas sobre o tema arredor do cal podería xurdir a especialización.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Brión, Vedra, Boqueixón, ou Val do Dubra
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 3 empregados (1 a xornada completa e 2 a tempo parcial)
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	200.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	60.000 €
Gastos	186.845 €
Resultado bruto (%)	6,43%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos sustitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Sensibilidade cara a factores económicos	Oportunidades Aumento do nivel de renda e ocio. Aumento do consumo de alimentos de fóra do fogar Maior valoración dos clientes da estética do local
Fortalezas Vinculación á marca comercial con grandes fabricantes de cervexas temáticas. Escasa saturación da restauración do concello	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Dificultade para conseguir a atracción de clientes da comarca
OBSERVACIÓNS Posibilidades de vencellar a temática do restaurante con elementos característicos do concello. Brión: Época medieval, pola importancia das Torres de Altamira, así como da antiga fortaleza destruída co paso do tempo, pero da que existe documentación. Vedra: Época castrexa, polo gran número de restos desta época, principalmente castros. Val do Dubra: Etnografía, conservación de elementos da cultura tracional e rural galega. Boqueixón: temática baseada nalgũa das lendas do Pico Sacro, como a lenda dos touros bravos, de especial interese polo vínculo coa chegada do corpo de Santiago Apostol, o que sería un aliciente para atraer turistas de Santiago.	

Albergue	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.12/70.21
IAE	682
DESCRIPCIÓN Os Albergues son establecementos hoteleiros dedicados á actividade turística que proporcionan aloxamento durante estancias curtas. Estes establecementos non ofrecen normalmente ningún tipo de servizo adicional, aínda que podería contemplarse a posibilidade de complementar a actividade con outro tipo de servizos ou produtos: servizo de comidas, aluguer de bicicletas, etc.	
XUSTIFICACIÓN Os concellos máis adecuados para esta iniciativa son o de Boqueixón pola baixa saturación de negocios con aloxamento e o Val do Dubre pola afluencia de turistas e a baixa capacidade para albergar a grupos.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Boqueixón e Val do Dubra
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	Variable
Investimento/Valor do inmovilizado	Variable
Gastos	Variable
Resultado bruto (%)	Variable
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Estacionalidade da actividade turística	Oportunidades Baixa saturación deste tipo de establecementos na comarca Incremento da demanda deste tipo de servizos para grupos, sobre todo por xente nova
Fortalezas Riqueza patrimonial e natural dos concellos Baixo prezo Posibilidade de ofrecer servizos de restauración	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Dificultade para conseguir a atracción de clientes da comarca
OBSERVACIÓNS Acolidos en Galicia á normativa das pensións Solucinaría o problema de carencia da aloxamento para grupos na comarca e axudaría a desestacionalizar a demanda turística.	

Empresa de deportes de natureza	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Actividades deportivas
CNAE/SIC	71.403/73.94
IAE	999
DESCRIPCIÓN As empresas de turismo activo ou deportes de natureza teñen por actividade propia as relacionadas co turismo deportivo, que se practican servíndose basicamente dos recursos que ofrece a propia natureza no medio no que se desenvolven. As actividades que soen desenvolver as empresas de turismo activo son:escalada (rappel), piragüismo, descenso en bote (rafting), puenting, salto con elástico, descenso de barrancos (canyoning), parapente, etc.	
XUSTIFICACIÓN O concello do Val do Dubra é o concello que maiores atractivos presenta a nivel paisaxístico e de recursos naturais, dada a unidade morfolóxica do val. O río Dubra actúa como eixo vertical, presentndo oportunidades interesantes para actividades deportivo acuáticas.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Val do Dubra
Necesidades de persoal	4 empregados fixos e 6 temporais (monitores).
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	110.994 €
Investimento/Valor do inmovilizado	140.000 €
Gastos	105.782 €
Resultado bruto (%)	4,70%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixa
Barreiras de saída	Baixa
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Mal estado infraestructuras e vías comunicación Falta de infraestructura hoteleira	Oportunidades Aumento do nivelde renda e tempo de ocio Auxe dos deportes de risco Existecia de pantalán para práctica de deportes náuticos
Fortalezas Estructura empresarial flexible Posibilidade de ampliar a carteira de produtos	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Falta de persoal cualificado
OBSERVACIÓNS Auxe do ecoturismo, canalización da oferta turística cara a un turismo de calidade e desenvolvemento económico e turístico da comarca producido de forma equilibrada no territorio.	

Viveiro forestal	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Silvicultura e explotación forestal
CNAE/SIC	01.122/ 01.81
IAE	Non suxeita
DESCRICIÓN Viveiros dedicados á produción de especies forestais para repoboación. Pode incluírse tamén a produción de plantas autóctonas, ornamentais, aromáticas, etc Os principais clientes de este tipo de empresas son comerciantes por xunto ou polo miúdo, ademais de empresas (da industria farmacéutica, empresas de xardineiría, etc) e particulares	
XUSTIFICACIÓN O concello de Val do Dubra, e conscientes do potencial endógeno no referente ao sector primario, estase a impulsar a creación de explotacións de agricultura ecolóxica, así como empresas relacionadas co aproveitamento forestal (viveiros forestais)	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Val do Dubra
Necesidades de persoal	1 Empresario e 2 traballadores
Tipos de cliente	Comerciantes por xunto, empresas de servizos forestais, mancomunidades de montes, particulares, institucións públicas
Facturación	180.300 €
Investimento/Valor do inmovilizado	297.396 €
Gastos	154.735 €
Resultado bruto (%)	14,18%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Alta
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia de produtores non rexistrados oficialmente	Oportunidades Crecemento da demanda pública de estes produtos Maior número de xardíns e zonas verdes
Fortalezas Versatilidade en posibilidades de cultivo Non hai competencia por prezo	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estructuras empresariais pouco desenvolvidas Canles de comercialización tradicionais
OBSERVACIÓNS Produción de plantas autóctonas e aromáticas para vena a maioristas. Posible cooperativa	

Super mercado con agrotenda	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52.27/ 54.99
IAE	645
DESCRIPCIÓN Oferta de produtos de primeira necesidade para a poboación local, coa posibilidade de ofrecer produtos típicos da terra e produtos caseiros elaborados de forma artesanal polo promotor, o que aumentaría o mercado obxectivo.	
XUSTIFICACIÓN O comercio de proximidade cobra importancia no ámbito rural, onde o abastecemento dos bens básicos de alimentación e hixiene é cada vez menor. Por outra banda existen diversos produtos típicos da zona con dificultades para a súa comercialización, a pesar do seu carácter artesanal e de calidade.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Val do Dubra e Vedra
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	Depende da carteira de produtos
Investimento/Valor do inmovilizado	26.444 €
Gastos	38.955 €
Resultado bruto (%)	Depende da carteira de produtos
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media-alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia das grandes superficies	Oportunidades Tendencia á valorización da calidade e orixe dos produtos por parte da clientela
Fortalezas Importancia do sector primario na zona. Posibilidade de abastecemento a casas de turismo rural e visitantes ao concello	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estruturas empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS	
Experiencia exitosa en Terra nova (Tarragona)	

Hotel de Natureza	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.12/ 70.21
IAE	682
DESCRICIÓN Establecementos hoteleiros de natureza situado nun espazo aberto e natural, que constitúe un enclave axeitado para a realización de actividades en contacto coa natureza. Deberá dispor de espazos exteriores de espaxamento	
XUSTIFICACIÓN Na zona sur do concello, están a proliferar un número importante de establecemento de hostalería, dentro dos cales destaca o Hotel Balneario, así como toda unha rede de casas de turismo rural. Neste sentido, cabería a posibilidade de ampliar a oferta hostaleira, en tanto que as prazas existentes están cubertas na meirande parte do ano. Isto permite falar da viabilidade de establecementos con maior capacidade, como un hotel de natureza.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Brión
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 4 empregado
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	Variable
Investimento/Valor do inmovilizado	Variable
Gastos	Variable
Resultado bruto (%)	Variable
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Estacionalidade da actividade turística	Oportunidades Importancia dos recursos naturais e culturais do Concello Tendencia da demanda turística cara a servizos de calidade e lonxe das cidades Saturación de hoteis no concello de Santiago
Fortalezas Diversificación de produtos e servizos Baixo prezo Disponibilidade de zonas adaptadas ás exixencias deste tipo de establecementos Baixa saturación deste tipo de establecementos no concello e excesiva saturación no concello de Santiago	Debilidades Dimensión reducida da oferta para facer viable o negocio
OBSERVACIÓNS Acollidos en Galicia á normativa das pensións. Posibilidades de ofrecer actividades na natureza, de ocio e deportes.	

Restaurante na ruta	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.30/ 58.12
IAE	671
DESCRICIÓN Autoservizo, comidas caseiras. Posibilidade de pequena tenda para venda de produtos da zona.	
XUSTIFICACIÓN Brión atópase situado entre Noia e Santiago, polo que as posibilidades de ofrecer servizos aos viaxantes pode ser unha fonte de riqueza. Igualmente, a pesar de ser considerado un municipio rural, cabe ter en conta o importante crecemento que está a experimentar núcleos como Os Ánxeles	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Brión
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 3 empregados (1 a xornada completa e 2 a tempo parcial)
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	200.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	60.000 €
Gastos	186.845 €
Resultado bruto (%)	6,43%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Disponibilidade de terreos axeitados para unha boa ubicación preto das saídas da autoestrada	Oportunidades Construción da autoestrada cara Noia Aumento do consumo de alimentos fóra do fogar
Fortalezas Estradas Santiago-Noia transitada Escasa saturación da restauración no concello	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Dificultade para conseguir a atracción de clientes da comarca
OBSERVACIÓNS A súa ubicación preto da estrada ou dalgunha das saídas da autovía, é un elemento clave para a súa viabilidade. Posibilidade de vender produtos típicos da zona, venda de souvenirs e outros artigos de interese para os viaxeiros.	

Agricultura ecolóxica

SECTOR DE ACTIVIDADE	Agricultura
CNAE/SIC	011/01
IAE	41.23

DESCRICIÓN Produción agrícola onde a finalidade principal é a produción de alimentos de máxima calidade, conservando e mellorando a fertilidade do solo sen o emprego de produtos químicos de síntese, nin na produción nin nas posteriores transformacións dos produtos.

XUSTIFICACIÓN Crecente preocupación por unha alimentación sa e natural, así como por aspectos medioambientais. O sector primario segue a ter gran importancia no conxunto da economía dos concellos, a pesar dos problemas de comercialización. Non obstante, cabe destacar o apoio institucional dos Concellos de Val do Dubra e Brión (este último por medio do proxecto Granxa electrónica) de cara a creación deste tipo de explotacións.

CARACTERÍSTICAS

Concello	Val do Dubra, Brión
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Tendas especializadas, establecementos convencionais e público en xeral
Facturación	37.360 €
Investimento/Valor do inmovilizado	23.000 €
Gastos	32.980 €
Resultado bruto (%)	11,72%

ANÁLISE COMPETITIVA

Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media-Alta

ANÁLISE DAFO

Amenazas Oferta de produtos sucedáneos máis baratos Competencia dos produtos importados	Oportunidades Tendencia crecente do consumidor cara a natureza, saúde, etc. Baixa competencia. Apoio institucional. Mercado en continuo crecemento. Crecemento dos problemas alimenticios Diversidade climática que permite gran variedade de cultivos.
Fortalezas Asociación de agricultura ecolóxica con saúde e respecto ó medio ambiente. A adaptación esixida produciu unha renovación das estruturas.	Debilidades Canle de distribución pouco desenvolvida. Investimento e custo da obtención do selo de produto ecolóxico. Dificultades de aprovisionamento. Prezos elevados. Descoñecemento por parte do consumidor sobre as vantaxes destes produtos.

OBSERVACIÓNS Existen axudas específicas a fondo perdido para aqueles agricultores que xa teñen a certificación da actividade. O emprendedor que decida iniciarse nesta actividade, deberá consultar no concello aos Técnicos Locais de Emprego, se existe axuda específica. Cabe ter en conta que existen en Galicia numerosas experiencias exitosas. Resultaría interesante para o emprendedor remitirse ao Consello regulador de agricultura ecolóxica para un maior coñecemento destas.

Lavandaría-tinturería	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Servizos persoais
CNAE/SIC	93.010/72.18
IAE	971.1
DESCRIPCIÓN A oferta básica de servizos dunha lavandeiría-tinturería consiste no lavado de roupa (tanto en seco como en mollado), tinguido de prendas téxtiles e de pel, secado e pasada do ferro. Tamén se inclúen o lavado de alfombras, mantelería, roupa de cama, uniformes, etc	
XUSTIFICACIÓN A proliferación de establecementos de hostalería na zona sur do Concello, así como a existencia dun Balneario, fan que a demanda de servizos de lavandaría estean a aumentar.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Brión
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 2 empregados (1 axudante e 1 repartidor)
Tipos de cliente	Particulares e empresas, principalmente de hostalería e centros sanitarios
Facturación	129.230 €
Investimento/Valor do inmovilizado	103.554 €
Gastos	99.965 €
Resultado bruto (%)	22,65%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias-altas
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Opción Faíno ti mesmo	Oportunidades Auxe do turismo na comarca Tendencia das empresas de externalizar o servizo de lavandaría Proliferación de empresas de hostalería
Fortalezas Capacidade de crecemento pola diferenciación de servizos	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estructuras empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS Ausencia de este servizo no concello. Posibilidade de establecemento franquiado.	

Servizos de asistencia a domicilio

SECTOR DE ACTIVIDADE	Actividades de servizos sociais
CNAE/SIC	8532/ 83.21
IAE	951

DESCRICIÓN As empresas de asistencia a domicilio dedícanse a proporcionar servizos no fogar dos clientes, que adoitan ser persoas maiores ou incapacitadas.

A carteira de servizos das empresas de este tipo adoita incluír:

Actuacións de carácter doméstico: Actividades e tarefas cotiás que se realizan no fogar destinadas ó apoio da autonomía persoal e familiar.

Actuacións de carácter persoal: Actividades que fundamentalmente recaen sobre o destinatario da prestación e están dirixidas a promover o seu benestar persoal e social

Así mesmo, poden desenvolver outro tipo de prestacións ou servizos, como actividades educativas, asistencia en centros hospitalarios, etc

XUSTIFICACIÓN Por unha banda cabe salientar que tanto o concello de Brión coma o de Boqueixón rexistran os índices de envellecemento máis altos da comarca, o que propicia que a demanda destes servizos sexa proporcionalmente maior. No caso do Concello de Brión, cabe dicir que se ben existe un servizo de asistencia a domicilio prestado dende o Concello, este está subcontratado a unha empresa foránea, polo que a creación doutra empresa por poboación local partiría dunha situación de vantaxe. No que se refire ao Concello de Boqueixón, cabe destacar a inexistencia deste tipo de servizos, a pesar da demanda existente a día de hoxe.

CARACTERÍSTICAS

Concello	Brión e Boqueixón
Necesidades de persoal	2 emprendedores
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	37.000,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	8.640,00 €
Gastos	34.123,00 €
Resultado bruto (%)	7,78%

ANÁLISE COMPETITIVA

Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media-alta

ANÁLISE DAFO

Amenazas Alta taxa de coidado de familiares e rede de axuda veciñal	Oportunidades Envellecemento da poboación Escasa oferta deste tipo de servizos
Fortalezas Elevado número de persoas con experiencia neste servizo	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas

OBSERVACIÓNS Actividade propicia para a formación de cooperativas de traballo asociado, e para a legalización da situación de mulleres que desempeñan este labor de xeito informal. Existen experiencias de asistencia a domicilio cun posicionamento claro na prestación dun servizo de alta calidade (actuacións de carácter social), dirixido a un segmento de poboación cun nivel socioeconómico alto. Neste caso, o tipo de coidado sería máis o de acompañamento (prestado por persoal con alto nivel formativo, polo que se poderían aproveitar estudantes universitarios), e o concello sería principalmente Santiago, sen descartar poboación dos concellos da comarca cun nivel de ingresos elevado.

Explotación de plantas ornamentais	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Agricultura
CNAE/SIC	011/01
IAE	41.23
DESCRIPCIÓN Explotación mínima dunhas 3 hectáreas na que se producen diversos tipos de frondosas ornamentais para a súa posterior comercialización.	
XUSTIFICACIÓN Ao marxe das cuestións puramente climatolóxicas e ambientais, que son favorables na meirande parte de Galicia, compre salientar a existencia dunha experiencia exitosa moi preto de Vedra, na que tras varios anos cultivando diferentes especies, dende o ano 2000 comezou a expandir a produción mediante a busca de produtores. Deste xeito, crear unha explotación deste tipo contaría xa co respaldo e infraestruturas de apoio necesarias.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Vedra
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Particulares e empresas
Facturación	37.360 €
Investimento/Valor do inmovilizado	23.000 €
Gastos	32.980 €
Resultado bruto (%)	11,72%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia dos produtos Importados	Oportunidades A oferta actual non cubre a demanda na súa totalidade, polo que a creación de máis explotacións ofrece boas expectativas de futuro Iniciativa do xerente da empresa da zona para expandir a produción a outras partes de Galicia
Fortalezas Posibilidades de formación por medio da empresa existente Facilidades de adquirir material vexetal e outras materias primas por medio da empresa existente Existencia de canles de comercialización.	Debilidades Necesidade de experiencia no sector agrícola Formación e mellora de determinadas infraestruturas de cultivo, como o regadío
OBSERVACIÓNS A pesar do carácter innovador da iniciativa, existen actualmente un total de 19 produtores, a maioría xente nova da comarca, algo interesante de cara a ter un referente.	

Empresa de xestión de centro de día

SECTOR DE ACTIVIDADE	Servizos sociais
CNAE/SIC	85.32/83.61
IAE	952
DESCRICIÓN Empresa adicada á xestión de centros creados co fin de prestar atención diúrna a persoas maiores con perda da súa autonomía física ou psíquica que, residindo nos seus propios fogares, precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social.	
XUSTIFICACIÓN O concello de Brión presenta unha estrutura poboacional envellecida, polo que existe unha alta demanda de servizos de asistencia. A día de hoxe estanse a acometer as obras do futuro centro de día, cuxa xestión será cedida a unha empresa. Neste senso, a creación dunha empresa de xestión do centro configúrase como unha oportunidade con grandes posibilidades de iniciar a súa actividade e de asegurarse unha carteira de clientes sen asumir o risco do investimento	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Brión
Necesidades de persoal	Propietario-xerente, 4-5 empregados
Tipos de cliente	Maiores de 65, grao dependencia variable
Facturación	5.760 euros - 6.420 euros cliente ano
Investimento/Valor do inmovilizado	8.640,00 €
Gastos	101.684 euros
Resultado bruto (%)	
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas A maior parte da poboación vive en zona rural Dispersión da poboación Presión de produtos substitutos como axuda domiciliaria	Oportunidades Envellecemento poboacional Apoio institucional a través do Plan de Maiores da Xunta Aumento do nivel de vida O Concello de Brión está a acometer as obras para un centro de día.
Fortalezas Estrutura flexible Capacidade de crecemento pola diferenciación de servizos	Debilidades Escaseza de profesionais preparados Dependencia da administración local
OBSERVACIÓNS A pesar de centrar a súa oferta na poboación maior (máis de 65 anos), cabe a posibilidade de ampliar a súa oferta a discapacitados cun alto grao de dependencia.	

Posto ambulante de alimentación e bebidas	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52.63/58.13
IAE	66.31
DESCRICIÓN Venda de alimentos e bebidas realizado fora dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódica ou continua, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo camiós tenda. Ditos lugares adoitan contar con certa asiduidade de xente debido a algún atractivo. Polo que o público obxectivo o configuran principalmente os visitantes.	
XUSTIFICACIÓN O concello de Vedra está a impulsar a adecuación das ribeiras do río, tanto ca construción de paseos fluviais como a restauración de muíños. Existen varias zonas de gran afluencia de turistas ou visitantes, polo que a localización dun posto ambulante de alimentación e bebida configúrase como toda unha oportunidade.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Vedra
Necesidades de persoal	Xerente-propietario Dependente (1)
Tipos de cliente	Particulares-visitantes
Facturación	43.500,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	35.000,00 €
Gastos	38.955,80 €
Resultado bruto (%)	10,45%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixas
Produtos substitutos	Baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas A lei establece determinadas limitacións á venda ambulante, sendo necesaria a solicitude dun permiso previo Estacionalidade da actividade turística	Oportunidades Frecuencia de visitantes no paseo fluvial do concello de Vedra Inexistencia de competencia ao longo do paseo
Fortalezas Estrutura flexible do negocio Posibilidade de desprazarse cara os lugares de maior frecuencia de visitantes	Debilidades Importancia da ubicación do negocio A produción e almacenamento de mercancías está limitado polo espazo reducido Investimento relativamente alto pola necesidade de adquirir un camión tenda
OBSERVACIÓNS A venda ambulante está regulada pola Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, polo que compre consultar as disposicións que fan referencia a esta modalidade de comercio antes de poñer en marcha o negocio.	

Actividades antiestrés e ocio

SECTOR DE ACTIVIDADE	Servizos persoais
CNAE/SIC	9304/7299
IAE	97

DESCRICIÓN A empresa levaría a cabo todo tipo de actividades co fin de asistir a aquelas persoas con principios de estrés polo que a súa oferta de produtos sería ampla e variada:

- A) Cursos Antiestrés
- B) Incentivos
- C) Outdoor Training StopStress combinan a competitividade deportiva, a diversión e o traballo en equipo
- D) Destructoterapia
- E) Team Building (actividades baseadas no traballo en equipo)

XUSTIFICACIÓN Por un lado cabe ter en conta que o ritmo de vida actual somete e esixe sobre esforzo físico e mental. Isto, pódese denominar stress. Por outra banda, o proceso de terceirización da comarca santiaguesa, principalmente de Santiago, Ames e Teo, así coma o perfil da poboación destes concellos, principalmente familias novas con aporte de ingresos do home e da muller e un nivel adquisitivo medio a medio-alto, fai interesante a inclusión deste tipo de actividades.

CARACTERÍSTICAS

Concello	Teo e Ames
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado a xornada completa
Tipos de cliente	Empresas, institucións e particulares
Facturación	182.313 €
Investimento/Valor do inmovilizado	39.100 €
Gastos	171.629 €
Resultado bruto (%)	5,86%

ANÁLISE COMPETITIVA

Barreiras de entrada	Media-baixa
Barreiras de saída	Baixa
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media

ANÁLISE DAFO

Amenazas Escepticismo ante determinados servizos innovadores polo que a consolidación da clientela é un proceso lento	Oportunidades O ritmo de vida actual leva en moitas ocasións a botar mao destes servizos Carácter residencial dos concellos e necesidade de satisfacer necesidades propias de traballadores cun alto ritmo de traballo
Fortalezas Escasa competencia	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas

OBSERVACIÓNS As empresas ou grupos de persoas configúranse como un dos principais clientes. Posibilidade de integrar este servizo con ximnasio ou a partir dos ximnasia existentes. Así mesmo, é importante a labor comercial dirixida a empresas.

Obradoiro téxtil de roupa a medida e arranxos	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Sector téxtil
CNAE/SIC	5274/ 7699
IAE	699
DESCRIPCIÓN Os obradoiros téxtiles adoitan conxugar a realización de amaños de roupa nova, xeralmente adaptacións, coa confección de prendas a medida. Este servizo pode ser prestado directamente a particulares, ou poden ser as tendas de venda de roupa quenes subcontraten este servizo para ofrecelo aos seus clientes como un servizo complementario, cun incremento do prezo.	
XUSTIFICACIÓN A proliferación deste tipo de negocios xurde para cubrir a necesidade de poboación dos concellos residenciais, que responde á escaseza de tempo ou falla de habilidades para dedicarse a amaños de roupa. Igualmente, na medida en que as tendas ofrecen este servizo, convértense en clientes potenciais.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Teo, Ames
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 2 traballadores
Tipos de cliente	Particulares e tendas de venda de roupa
Facturación	56.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	16.100 €
Gastos	51.792 €
Resultado bruto (%)	7,51%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Intrusismo de persoas que non se adican profesionalmente á actividade Grande incidencia da opción Faíno ti mesmo	Oportunidades Crecemento do mercado téxtil con prezos baixos que incrementan a venda Incorporación da muller ao mercado laboral
Fortalezas Atención personalizada e calidade do servizo Capacidade de fidelización da clientela	Debilidades Estruturas empresariais pouco desenvolvidas Baixa produtividade
OBSERVACIÓNS Legalización da economía informal (factible cooperativa). Posibilidade de establecer convenios con tendas de roupa para realizar as adaptacións. Posibilidade de venda de telas.	

Empresa de reformas	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Construción
CNAE/SIC	45.34 / Grupo 17
IAE	501.3
DESCRIPCIÓN Pódese describir a actividade da reforma de edificacións como o conxunto de procedementos (albanelería, fontanería, electrificación, revestimento de chan, pintado, etc.) que se realizan nunha edificación para dotala de mellores condicións de habitabilidade e uso dentro duns parámetros estéticos que poden ser fixados polo cliente, pola propia empresa ou polos dous en conxunto. ○ mercado da reforma divídese, basicamente, en reforma de interiores e reforma de exteriores. Só as empresas máis grandes adoitan ofertar os dous tipos de servizo, acudindo, en ocasións, á subcontratación de empresas para a elaboración de parte deses traballos (colocación de estadas, por exemplo). A meirande parte de empresas pequenas adoitan estar especializadas en reformas interiores de vivendas e locais, aínda que tamén existen algunhas especializadas en reformas exteriores.	
XUSTIFICACIÓN ○ auxe da construción nos concellos residenciais provoca un crecemento da demanda de empresas auxiliares a este sector.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames e Teo
Necesidades de persoal	5 persoas (emprendedor, 1 albanel, 2 axudantes, 1 auxiliar administrativo).
Tipos de cliente	Clientes particulares na súa meirande parte, empresas, institucións.
Facturación	480.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	36.009 €
Gastos	428.173 €
Resultado bruto (%)	10,80%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Alta
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Existencia de empresas construtoras de gran envergadura	Oportunidades Perspectivas de crecemento poboacional e ampliación de zonas urbanas Escasa oferta deste tipo de servizos nos concellos
Fortalezas Posibilidade de subcontratar determinados traballos, o que evita determinados custos fixos	Debilidades Necesidade de formación en diversos ámbitos Necesidade de subcontratar determinados traballos o que dificulta un control sobre a calidade
OBSERVACIÓNS A meirande parte dos traballos, sobre todo ó comezo da actividade das empresas, proveñen de clientes particulares que queren reformar as súas vivendas, tanto parcial coma totalmente.	

Tenda de fogar decoración	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Deseño non industrial e de interiores
CNAE/SIC	74781
IAE	653
DESCRIPCIÓN Combinación de moitos produtos diversos entre os que se encadran agasallos, téxtil, mobles auxiliares, cadros, pantallas e calquera produto que pertenza ao mundo da decoración.	
XUSTIFICACIÓN Por un lado o crecemento da construción nos concellos de Ames e Teo, e por outro a tendencia a alza da demanda de servizos de asesoramento e existencia de determinados estilos ou materiais de decoración, tanto para vivendas particulares como establecementos comerciais ou hostaleiros	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Teo, Ames
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 2 traballadores
Tipos de cliente	Particulares, locais comerciais, etc.
Facturación	150.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	30.000 €
Gastos	130.000 €
Resultado bruto (%)	13,33%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Media
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Baixo
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Intrusismo de persoas que non se adican profesionalmente á actividade Grande incidencia da opción Faio ti mesmo na parte de asesoramento	Oportunidades Crecemento da construción no concello Crecemento da contratación do servizo de asesoramento en decoración.
Fortalezas Atención personalizada e calidade do servizo Capacidade de fidelización da clientela	Debilidades Alta competencia das grandes superficies e franquías especializadas en mobles
OBSERVACIÓNS É importante combinar a venda destes produtos de decoración con asesoramento en interiorismo. Ademais, é importante que o promotor pense no investimento en transporte para o traslado dos mobles.	

Tenda de lambetadas	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52.27/ 54.99
IAE	645
DESCRICIÓN As tendas de lambetadas son establecementos que comercializan toda clase de doces e chucherías, e que teñen como clientela principalmente nenos. A carteira de produtos pode ser tan ampla como se desexe, intentando complementar a oferta ao segmento de mercado dos nenos	
XUSTIFICACIÓN Tanto Ames como Teo son concellos en plena expansión debido á chegada de poboación foránea, principalmente matrimonio novos ou con fillos. Deste xeito, a porcentaxe de poboación infantil, é relativamente alta, e a tenencia é a que aumente. A oferta existente a día de hoxe non é suficiente, polo que a creación dun establecemento deste tipo sería viable.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames e Teo
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	Depende da carteira de produtos
Investimento/Valor do inmovilizado	26.444 €
Gastos	38.955 €
Resultado bruto (%)	
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media-alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia dos establecementos ubicados en centros comerciais	Oportunidades Incremento do consumismo Baixo Índice de saturación de actividades comerciais de alimentación Alto índice de dependencia infantil
Fortalezas Posibilidade de ampliar a carteira de produtos	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estruturas empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS Importancia da ubicación. Cerca dalgunha gardería ou escola ou nun lugar de paseo frecuente, provocando a merca por impulso	

Aluguer de automóviles	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Empresas de aluguer
CNAE/SIC	71.10/75.12
IAE	85.41, 85.42
DESCRICIÓN As empresas de aluguer de vehículos dispoñen dunha ampla gama de vehículos: todoterreo, furgonetas, autobuses, microbuses, turismos e outros vehículos, para o aluguer con ou sen condutor.	
XUSTIFICACIÓN A insuficiencia dos servizos públicos de transporte na zona, unido ao importante movemento de poboación ao concello de Teo e o gran volume de turismo que acolle a comarca de Santiago favorecen as expectativas dun negocio deste tipo	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Teo
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares e empresas
Facturación	375.223,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	79.676,00 €
Gastos	344.721,00 €
Resultado bruto (%)	8,13%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Altas
Barreiras de saída	Medias-Altas
Intensidade da competencia	Media-Alta
Produtos substitutos	Baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia con empresas presentes en Santiago Estacionalidade da actividade	Oportunidades Insuficiencia dos servizos públicos de transporte na zona Lonxanía do centro urbán e recursos do contorno (praias, bens de interese natural e cultural...)
Fortalezas Cercanía do servizo e atención personalizada Posible diversificación dos servizos (reparacións, compra-venda, excursións de cercanías...)	Debilidades Estructuras empresariais pouco desenvolvidas Elevado investimento inicial
OBSERVACIÓNS Este servizo pode complementarse con outro tipo de actividades, como a compra-venda de vehículos novos e usados, taller de reparacións, servizo de recollida e entrega nos aeroportos e nas estacións de autobús e tren, etc. A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (BOE), regula os requisitos específicos que deben reunir os servizos públicos de transporte nas distintas tipoloxías.	

Balneario	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Servizos persoais/turismo
CNAE/SIC	93,04/ 83,61
IAE	97,99
DESCRICIÓN Conxunto de instalacións terapéuticas, próximas a un manantial, onde se aplican augas mineromedicinais, que deben ser previamente catalogadas como de utilidade pública segundo especifica a normativa que regula a declaración das augas mineromedicinais en Galicia. Así mesmo, debe contar cunha equipa médica e auxiliar que dirixa a utilización dos medios en cada paciente.	
XUSTIFICACIÓN Existencia de manantiais de augas mineromedicinais no concello	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Teo
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 4 empregados
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	396.619,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	59.698,00 €
Gastos	384.232,00 €
Resultado bruto (%)	3,12%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Altas
Barreiras de saída	Altas
Intensidade da competencia	Media-Baixa
Produtos substitutos	Media-Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Sensibilidade cara a factores económicos Elevado número de produtos substitutos (ximnasia e centros de beleza con spa, etc)	Oportunidades Promoción dos balnearios como centros de estética e saúde Incremento da importancia do tempo de lecer e descanso Incremento do nivel de renda
Fortalezas Calidade do servizo Incremento da gama de produtos e técnicas termais Disponibilidade de zonas adaptadas ás exixencias deste tipo de establecementos	Debilidades Dimensión reducida da oferta para facer viable o negocio Escaseza de persoal coa formación e experiencia axeitadas
OBSERVACIÓNS Necesidade de cumprir certos requisitos legais (catalogación previa das augas mineromedicinais conforme á normativa vixente)	

Centro de ocio infantil	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Ocio infantil
CNAE/SIC	92.72/79.99
IAE	981
DESCRICIÓN Trátase de centros destinados a nenos e nenas co obxecto de que se divirtan de maneira sá, sen riscos e desenvolvendo a súa psicomotricidade. Entre os servizos que ofrecen atópase a atención e coidado de nenos por horas, a organización de cumpreanos e festas infantís e, nalgúns casos, actividades lúdico-educativas de diverso tipo.	
XUSTIFICACIÓN A incorporación da muller ao mercado laboral leva a unha crecente demanda dos servizos que ofrecen os centros de ocio infantil. A isto se une o aumento de poboación destes concellos, constituída en gran medida por parellas novas, con fillos pequenos e cun poder adquisitivo medio-alto	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Teo e Ames
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	69.120,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	71.000,00 €
Gastos	66.497,00 €
Resultado bruto (%)	3,79%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Media-alta
Barreiras de saída	Media-baixa
Intensidade da competencia	Media-alta
Produtos substitutos	Media-baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Baixa taxa de natalidade Crecente número de centros deste tipo, o que leva a un aumento da intensidade da competencia Elevado número de produtos substitutivos	Oportunidades Aumento do nivel de renda Crecente importancia do ocio infantil Diminución do tempo dispoñible para a atención e coidado dos nenos As restricións que sofre o xogo libre e espontáneo
Fortalezas Atención personalizada Posibilidade de fidelización do cliente a través dun bo servizo Baixa saturación deste tipo de establecementos no concello e excesiva saturación no concello de Santiago	Debilidades Elevado investimento
OBSERVACIÓNS A orde de 29 de febreiro de 1996 regula os requisitos específicos que deben reunir os centros de atención á infancia. Deberanse ter moi presentes as disposicións desta orde para poder crear unha empresa deste tipo	

Empresas de fontanería, electricidad, etc.

SECTOR DE ACTIVIDADE	Instalacións eléctricas (grupo construción)
CNAE/SIC	45.31/17.31
SECTOR DE ACTIVIDADE	Fontanería e instalación de climatización (grupo construción)
CNAE/SIC	45.33 / Grupo 17.11
SECTOR DE ACTIVIDADE	Reparación de aparatos electrodomésticos eléctricos
CNAE/SIC	52.72 / Grupo 76.29

DESCRIPCIÓN As empresas incluídas nesta ficha son aquelas que contemplan os servizos de reparación máis frecuentemente demandados nun fogar, o que engloba ramas diversas como: fontanería, calefacción, electricidade, cerralleira, pintura, cristalería, electrodomésticos, etc. estamos a falar de empresas unipersoais que ocasionalmente poderán unirse para abarcar proxectos maiores con outros colaboradores especializados (poderían dar lugar ás empresas de reformas -consultar ficha-)

XUSTIFICACIÓN A falla de profesionais que realicen servizos de reparacións a domicilio e as dificultades para contar con estes profesionais, fai desta unha oportunidade de negocio onde a construción de vivenda está a crecer e, polo tanto, a demanda destes servizos.

CARACTERÍSTICAS

Concello	Ames e Teo
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Cientes particulares na súa meirande parte, empresas, institucións.
Facturación	70.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	20.000 €
Gastos	60.000 €
Resultado bruto (%)	14,29%

ANÁLISE COMPETITIVA

Barreiras de entrada	Media
Barreiras de saída	Baixa
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Baixa

ANÁLISE DAFO

Amenazas Existencia de empresas que realizan o servizo integral	Oportunidades Perspectivas de crecemento poboacional e ampliación de zonas urbanas Posibilidade de conseguir contratos con casas aseguradoras
Fortalezas A posesión do título supón a principal das barreiras de entrada	Debilidades Necesidade de formación en diversos ámbitos Escasa rendibilidade de servizos puntuais

OBSERVACIÓNS O emprendedor necesitará estar en posesión dos títulos homologados que permitan exercer a actividade (fontaneiros e electricistas)

4.2. Concellos Residenciais

Perfumería	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52.33/ 99
IAE	65.22
DESCRICIÓN A carteira de produtos pode ser moi variada, destacando os seguintes: * Produtos capilares: xampús; enxugues e acondicionadores; tratamentos intensivos; tinturas e oxidantes; permanentes; fixadores. * Artigos de tocador: desodorantes; crema e espuma de afeitar; talcos; xabóns de tocador; depilatorios (en cera, crema e outros). * Artigos de hixiene descartable: cueiros descartables; protección feminina e toallíñas humedecidas. * Cremas: cremas para maos e corpo; produtos para o sol. * Fragancias: perfumes; extractos; augas de perfumes; locións; colonias; augas de colonia. * Artigos de hixiene oral: cremas dentais; cepillos dentais; enxugues bucais; hilos ou cintas dentais. * Maquillaxes: bases, maquillaxes fluídos ou semi sólidos, sombras, máscaras para pestañas, delineadores, lápices, esmaltes, qui-taesmaltes, endurecedores. * Produtos para nenos e bebés: colonias, aceites, talcos, xampús e cremas de enxugue, cremas, pastas dentais, xabóns. * Follas e sistemas de afeitar: máquinas de afeitar, follas, cartuchos.	
XUSTIFICACIÓN Ames é un dos concello de Galicia que experimentou un maior aumento da poboación nos últimos anos, isto trouxo consigo un crecemento importante do comercio polo miúdo, co fin de de satisfacer as necesidades da poboación residente. No en tanto, dito crecemento só supuxo a cobertura parcial de determinadas necesidades de compra, existindo así determinados nichos de mercado susceptibles de ser aproveitados por novos emprendedores. Así é o caso das perfumerías, en tanto que a día de hoxe non existe ningunha no termo municipal.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 2 empregados
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	95.000,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	52.200 €
Gastos	86.561 €
Resultado bruto (%)	8,88%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Altas
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia de farmacias, maioristas, venda directa, locais propios, salóns de beleza, supermercados... Cercanía de Santiago, que conta cun gran poder de atracción comercial	Oportunidades Tendencia a unha maior preocupación pola imaxe persoal, tanto en homes como en mulleres Necesidade de desprazarse a outros concellos para adquirir produtos de perfumería
Fortalezas Grandes posibilidades de innovación mediante a venda de novas marcas ou desenvolvemento doutros produtos	Debilidades Importancia da ubicación do establecemento
OBSERVACIÓNS Posibilidade de asesoramento persoal e integral sobre estética e hixiene. Información sobre últimas modas e tendencias, revistas...	

Restaurante mesón tradicional	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.30/ 58.12
IAE	671
DESCRICIÓN Trátase de locais cunha decoración rústica e onde se pode gozar da cociña tradicional. O elemento diferenciador entre eles radica na elaboración das materias primas. Dita elaboración debера ser de forma tradicional. Igualmente a decoración pode estar baseada nalgún aspecto cultural ou festivo do concello ou da comarca.	
XUSTIFICACIÓN O sector restauración experimentou un crecemento considerable no concello de Teo, podendo consideralo como un dos principais motores de crecemento económico, destacando o auxe dos mesón tradicionais no medio rural, cunha gran aceptación.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Teo
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 3 empregados
Tipos de cliente	Particulares de todas as idades e nivel de renda media
Facturación	360.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	76.500 €
Gastos	329.795,00 €
Resultado bruto (%)	8,39%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Media
Barreiras de saída	Media
Intensidade da competencia	Media
Produtos sustitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Aumento na variedade da oferta de restauración.	Oportunidades Maior dispoñibilidade de renda e tempo de ocio. Existencia de grande oferta de produtos de calidade en Galicia (carnes, mariscos, peixes, viños, licores, produtos de panadería e pastelería...). Importancia do sector turístico
Fortalezas Existen varias experiencias semellantes con éxito no concello de Teo, así coma no resto da comarca. Crecente asociacionismo, posibilidade de realización de accións conxuntas de promoción para unha zona concreta. Capacidade de fidelización da clientela	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas. Falta de diferenciación na oferta de produtos e servizos.
OBSERVACIÓNS	

Motel	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.12/ 70.21
IAE	682
DESCRICIÓN Establecementos situados fóra dos núcleos urbanos e nas proximidades das estradas, nos que se facilita aloxamento para estadias normalmente non superiores a 24 horas en departamentos que teñen entradas independentes desde o exterior, e están compostos de dormitorio e cuarto de baño ou aseo e con garaxes ou alpendres para automóviles, contiguos ou próximos a aqueles	
XUSTIFICACIÓN A nova autoestrada cara Noia xerará maior fluidez de tráfico e en consecuencia de demanda de aloxamento e restauración.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 3 empregados
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	Variable
Investimento/Valor do inmovilizado	Variable
Gastos	Variable
Resultado bruto (%)	Variable
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Disponibilidade de terreos axeitados para unha boa situación preto das saídas da autoestrada	Oportunidades Zona de tránsito entre Santiago e Noia Tendencia da demanda turística cara servizos adaptados ás necesidades Saturación de hoteis no concello de Santiago
Fortalezas Diversificación de produtos e servizos Baixo prezo Baixa saturación deste tipo de establecementos na comarca	Debilidades Dimensión reducida da oferta para facer viable o negocio
OBSERVACIÓNS Acollidos en Galicia á normativa das pensións.	

Parafarmacia	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	5232/5999
IAE	6521
DESCRICIÓN Comprar nas parafarmacias é xa habitual para moitos consumidores. As parafarmacias ofrecen produtos cosméticos, suplementos dietéticos, herboristería, pero en ningún caso poderán dispensar medicinas nin fórmulas maxistrais.	
XUSTIFICACIÓN Actualmente existe unha cada vez maior preocupación pola imaxe persoal e a saúde, algo que resulta máis notable en segmentos de poboación máis nova. Este é precisamente o perfil de novos residentes no concello de Ames, que está a experimentar un continuo crecemento da poboación nos últimos anos.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Principalmente mulleres
Facturación	95.000,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	52.200 €
Gastos	86.561 €
Resultado bruto (%)	8,88%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa-media
Produtos substitutos	Media-alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia directa con farmacias en determinados artigos	Oportunidades A carteira de produtos deberá adaptarse ás necesidades do público obxectivo, que en Ames responde a concello residencial
Fortalezas Incremento da poboación nos últimos anos.	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas
OBSERVACIÓNS Importancia da decoración do local, que xogará con elementos de comercio (escaparate) e de farmacia (produtos especializados en saúde)	

Pastelería	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo e alimentación
CNAE/SIC	52.24/54.62
IAE	644.2
DESCRICIÓN Elaboración e venda de produtos de pastelería e confitería. Posibilidade de reparto a domicilio ou ás empresas cliente, principalmente negocios de hostalería (hoteis, restaurantes, casas de turismo rural, etc)	
XUSTIFICACIÓN Ames é un dos concello de Galicia que experimentou un maior aumento da poboación nos últimos anos, isto trouxo consigo un crecemento importante do comercio polo miúdo, co fin de de satisfacer as necesidades da poboación residente. No en tanto, dito crecemento só supuxo a cobertura parcial de determinadas necesidades de compra, existindo así determinados nichos de mercado susceptibles de ser aproveitados por novos emprendedores. Neste senso, pódese constatar unha falta de oferta de produtos de pastelería e confitería (tal e como se deduce da análise dos índices de saturación) o que supón unha oportunidade de negocio para novos emprendedores. Por outra banda, a produción artesanal de determinados produtos supón un aliciente para a compra, tendo en conta que cada vez existe unha maior preocupación pola calidade da produción. Este sería un elemento de diferenciación competitiva fronte a produtos de fabricación industrial.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 2 traballadores
Tipos de cliente	Particulares e empresas de hostalería
Facturación	165.630 €
Investimento/Valor do inmovilizado	235.050 €
Gastos	152.905 €
Resultado bruto (%)	7,68%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Altas
Barreiras de saída	Altas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Incremento do consumo de produtos industriais Redución no consumo por cuestións estéticas	Oportunidades Desenvolvemento do cliente empresarial Posta en valor dos produtos de elaboración artesanal
Fortalezas Posibilidade de ampliación coa diversificación de produtos Atención personalizada e coñecemento do produto Baixo índice de saturación de establecementos de alimentación	Debilidades Baixa produtividade Estructuras empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS Recoméndase ter unha especialidade que sirva de atractivo, así como produtos específicos (cumpreanos, despedidas de solteiro/a, agasallos especiais...) polos que darse a coñecer	

Restaurante espectáculo	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.30/ 58.12
IAE	671
DESCRICIÓN Restaurante que ofrece a posibilidade de disfrutar dunha cena entre amigos, ofrecendo ao mesmo tempo espectáculos diversos: monólogos, teatro, performance, coreografías...	
XUSTIFICACIÓN Santiago conta cun gran capital simbólico no referente a espectáculos culturais, cunha gran capacidade de atracción de clientela. Por outra banda conta cunha gran canteira de artistas, o que facilitaría a contratación de determinados espectáculos. Este tipo de restaurantes están a ter un gran éxito noutras cidade de España	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 3 empregados (1 a xornada completa e 2 a tempo parcial)
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	250.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	80.000 €
Gastos	185.000 €
Resultado bruto (%)	26,00%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos sustitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Saturación do sector da restauración en Santiago Competencia das salas de espectáculos	Oportunidades Proxección cultural de Santiago a nivel nacional e internacional (Danza e teatro da Universidade, "En pé de pedra", "Festival internacional de música de Galicia", Cidade da cultura, etc.) Posibilidade de aproveitar a canteira de xente preparada en artes escénicas e musicais
Fortalezas O carácter innovador pode facilitar a súa viabilidade Existencia de multitude de compañías de espectáculo en Santiago	Debilidades Importancia do coñecemento de organización de espectáculos Importancia do coñecemento do funcionamento do mundo das artes escénicas e musicais en Santiago
OBSERVACIÓNS A apertura do local requiriría dunha grande campaña promocional previa á inauguración e unha programación para un período de 2/3 primeiros meses de funcionamento. A cantidade de compañías teatrais, as 2 escolas de teatro e a proxección cultural de Santiago, fan desta cidade unha boa ubicación para este tipo de negocio	

Albergue para cabalos	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.12/ 70.21
IAE	682
DESCRIPCIÓN Os albergues para cabalos consistiría nun establo no que os peregrinos poderían deixar aos seus animais durante a súa estancia na cidade. Posibilidade de ofrecer distintos servizos (formación, organización de eventos, aluguer de boxes, pupilaxe, compra-venda de cabalos, venda de material, etc.)	
XUSTIFICACIÓN O concello de Santiago de Compostela ten proxectado construír un albergue para cabalos, ante a carencia deste servizo na cidade a pesar da importancia dos peregrinos que chegan a Santiago. Igualmente, está prevista a subcontratación dunha empresa para a súa xestión.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 2 empregado
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	Variable
Investimento/Valor do inmovilizado	Variable
Gastos	Variable
Resultado bruto (%)	Variable
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Estacionalidade da actividade turística	Oportunidades Servizos inexistente Proxecto de construción de albergue por parte do Concello e necesidade de empresa que o xestione
Fortalezas Diversificación de produtos e servizos Baixo prezo	Debilidades Necesidade de formación específica
OBSERVACIÓNS Solucionaría o problema de carencia de aloxamento cabalos, o que propiciaría unha maior estancia do peregrino na comarca	

Delicatessen	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52.4/ 57
IAE	65
DESCRICIÓN A actividade dun establecemento de delicatessen, consiste basicamente no comercio polo miúdo de produtos alimenticios e bebidas de alta calidade, diferenciados do resto de produtos de alimentación e bebidas por estar amparados baixo denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, por ser elaborados de modo artesanal ou por se tratar de produtos de elevada calidade.	
XUSTIFICACIÓN A tendencia do mercado cara o consumo de produtos de alta calidade fai desta iniciativa unha experiencia empresarial cun alto potencial. Se ademais temos en conta a afluencia de turismo a Santiago e o posicionamento da gastronomía galega no mercado da alimentación, a ubicación, a decoración e a calidade do servizo serán tarefas a coidar polo emprendedor.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e un empregado
Tipos de cliente	Particulares e, nalgúns casos, empresas
Facturación	110.000,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	30.000,00 €
Gastos	98.000,00 €
Resultado bruto (%)	11%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixa
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Ampla oferta de produtos substitutos cun nivel de calidade máis baixo	Oportunidades Incremento do nivel de renda Perfil de turista estranxeiro con nivel adquisitivo alto e demandante destes produtos Inexistencia deste tipo de establecementos en Santiago
Fortalezas Posibilidade de diferenciación Trato personalizado Calidade e recoñecemento dos produtos	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estructuras empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS É importante ter en conta a selección dos produtos, asegurándose do posicionamento dos mesmos no mercado e o recoñecemento de marcas e/ou calidade percibida polo cliente. Importante coidar a imaxe de local, de persoal, embalaxes e todos os elementos que axudan a transmitir ese posicionamento de calidade no mercado.	

Obradoiro de escultura	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Artesanía
CNAE/SIC	2125/2649
IAE	4734
DESCRIPCIÓN Obradoiro de pezas de cartón pedra, que poden abranguer dende xoguets, máscaras, figuras e títeres, ate artigos de decoración, mobles, lámpadas, figuras a tamaño real e estruturas de gran tamaño. Ademais da elaboración de pezas de creación propia, trátase de adaptarse ás necesidades de cada cliente realizando pezas por encargo: pequenas esculturas como agasallo de empresa, esculturas corporativas, escenografías, etc.	
XUSTIFICACIÓN Éxito de empresas semellantes apoiadas con créditos de Caixa Galicia	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Particulares e empresas
Facturación	14.700,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	9.800,00 €
Gastos	13.954,00 €
Resultado bruto (%)	5,07%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Presenza crecente de produtos substitutivos (outros materiais) Competencia de cadeas de enxoval e decoración	Oportunidades Crecente valoración do produto artesan
Fortalezas Segmentación do mercado e personalización do produto Investimento de posta en marcha relativamente baixo	Debilidades Dificultades de comercialización (problemas para atopar unha rede de distribución)
OBSERVACIÓNS Posibilidade de compaxinar a actividade no obradoiro coa impartición de cursos destinados a particulares ou asociacións	

Axencia de tradución e interpretación

SECTOR DE ACTIVIDADE	Tradución e interpretación
CNAE/SIC	74.832/73.99
IAE	774
DESCRICIÓN Os servizos ofrecidos por unha axencia de tradución e interpretación son os seguintes: -Tradución: xeral, especializada (literaria, xurídica, técnica, etc.), xurada. -Interpretación: simultánea, consecutiva, susurrada, etc.	
XUSTIFICACIÓN O incremento das relacións transfronteirizas no ámbito público (Unión Europea, relacións internacionais, etc.) e no privado (fomento das exportacións, etc.), así como a crecente celebración de congresos na capital galega, supoñen un aumento do tamaño de mercado deste tipo de empresas. Se ademais temos en conta que moitos dos emprendedores son emigrantes retornados e inmigrantes, esta podería ser unha oportunidade de negocio para eles.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	2 emprendedores
Tipos de cliente	Empresas, particulares e institucións públicas
Facturación	67.122 €
Investimento/Valor do inmovilizado	13.200 €
Gastos	56.853 €
Resultado bruto (%)	15,30%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias-Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Inexistencia dun marco regulador para homoxeneizar o exercicio da profesión. Incremento no número de persoas que saben idiomas.	Oportunidades Novas tecnoloxías. Globalización. Fomento da exportación. Ampliación da Unión Europea. Potenciación do turismo de reunións como produto turístico.
Fortalezas Estrutura organizativa flexible. Capacidade de crecemento tanto en diversificacións como en especialización en servizos. Fidelización do cliente. Posibilidade de conseguir clientes en todas as partes do mundo.	Debilidades Falta de coñecemento e recoñecemento da profesión. Inexistencia de comités de normas de terminoloxía. Baixo grao de asociacionismo.
OBSERVACIÓNS Posibilidade de traballar para clientes situados fora da súa área, incluso con empresas do estranxeiro a través do correo electrónico, fax, videoconferencia, etc.	

Animación sociocultural	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Ocio
CNAE/SIC	9272, 8042/7999
IAE	952, 932
DESCRIPCIÓN Empresa que se dedica a planificar e desenvolver todo tipo de actividades culturais, lúdicas, formativas e de tempo libre demandadas polos seus clientes co fin de impulsar a participación social e a intervención cultural dos grupos a través da animación e do lecer	
XUSTIFICACIÓN Crecente interese da poboación polo investimento produtivo do tempo de lecer. Actualmente existen varias empresas no concello que están a ter unha boa aceptación, polo que o promotor debería diferenciarse no tipo de actividades de ocio, materiais empregados, áreas transversais incluídas nos xogos e obradoiros con nenos.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedore e 3 empregados
Tipos de cliente	Administración pública, empresas, institucións privadas, asociacións e particulares.
Facturación	108.300 €
Investimento/Valor do inmovilizado	22.400 €
Gastos	106.437 €
Resultado bruto (%)	1,72%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixa
Barreiras de saída	Baixa
Intensidade da competencia	Media-Alta
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Estacionalidade da demanda, concentrada no período vacacional. Alto nivel de intrusismo por parte de asociacións sen ánimo de lucro e ONG	Oportunidades Incipiente interese da sociedade polo investimento produtivo do tempo de lecer Existencia de colectivos desfavorecidos Incorporación de áreas transversais nos obradoiros e actividades.
Fortalezas Estructuras flexibles Posibilidade de diferenciación mediante o trato personalizado Fidelización de clientes e facilidade de transmisión a través do boca a boca	Debilidades Imposibilidade de estandarización do servizo Éxito do servizo en función do estado anímico do cliente e doutras variables psicolóxicas
OBSERVACIÓNS A estacionalidade da demanda pode ser combatida mediante a adecuación da oferta de servizos a cada época do ano: servizos lúdicos concentrados nos períodos vacacionais de Nadal, Semana Santa e verán; servizos socioeducativos concentrados no período escolar e Semana Santa. Entre as áreas transversais que se poderían tratar a través dos obradoiros a celebrar con nenos, cabería a posibilidade de tratar determinados temas a través do xogo (medioambiente, procesos de adopción, separación de pais...) isto permitiría ampliar o segmento de mercado.	

Tenda de roupa de traballo	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	5242/5699
IAE	6515
DESCRICIÓN Venda de roupa e diferentes artigos de uso profesional e laboral: monos, cazadoras, pantalóns, batas, pixamas sanitarios, uniformes de distintos tipos (de cociña, escolares, protección civil, corpos de seguridade...), etc	
XUSTIFICACIÓN A proliferación de novas empresas e polígonos industriais en toda a comarca, así como a tendencia a unha maior especialización na vestimenta segundo os postos de traballo e ao aumentar os equipamentos de protección individual polas cada vez máis restritivas normativas de prevención de riscos laborais, fan que a demanda deste tipo de produtos estea en constante aumento.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Empresarios, institucións, empregados e particulares
Facturación	275.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	49.700 €
Gastos	244.784 €
Resultado bruto (%)	10,99%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media-baixa
Produtos substitutos	Baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Dependencia dos produtos comercializados respecto á normativa vixente en cada momento	Oportunidades Obrigatoriedade de uso de prendas de protección nos centros de traballo Existencia de colectivos con obrigatoriedade de uso de uniformes
Fortalezas Atención personalizada e calidade do servizo Diversificación dos produtos e servizos complementarios	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estruturas empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS Servizo auxiliar para empresas dos sectores industrial, sanitario, hostalería...	

Consultoría comercio exterior	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Consultoría/servizos a empresas
CNAE/SIC	74.12 - 74.14 / 73.99
IAE	849.9
DESCRIPCIÓN Consultaría adicada á xestión e asesoramento no proceso de internacionalización, dende a preparación de estudos de mercados obxectivo, até a busca de distribuidores, pasando pola organización e asesoramento para a participación en feiras ou a planificación estratéxica das misións comerciais no exterior. Pode tamén ofrecer outros servizos como os que se expoñen a continuación: * Información e apoio en xestión administrativa de exportación (documentos, loxística, etc.) * Información sobre financiamento internacional* Información sobre patentes internacionais e rexistro de marca * Busca de subvencións de Organismos Públicos para accións de internacionalización (páxinas web, viaxes prospección, participación en feiras, etc) * Traducións	
XUSTIFICACIÓN A importancia do comercio exterior para moitas das empresas asentadas no concello de Santiago así coma na comarca, lévalles a contratar servizos de asesoramento. No en tanto, existe unha escaseza deste tipo de servizos en Santiago, tal e como apuntaron os empresarios en repetidas ocasións. Isto provoca que teñan que recorrer a empresas foráneas.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	Un emprendedor, dous técnicos e un administrativo.
Tipos de cliente	Empresas pertencentes ao sector industrial, sector servizos, sector agroalimentario, químico e construción. Cámaras de comercio e administración.
Facturación	150.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	22.200 €
Gastos	131.942 €
Resultado bruto (%)	12,04%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Media
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Contratación por parte das empresas de persoal cualificado que cumpra a función dunha consultaría Escasa cultura exportadora por parte dalgúns empresarios Competencia por axentes institucionais	Oportunidades Auxe do sector do automóbil, sector metal, así como o sector sanitario O mercado é cada vez máis competitivo e global polo que moitas empresas requiren dun asesoramento externo. Escasa competencia no sector das consultarías Tendencia ao outsourcing
Fortalezas Relación de proximidade e intermediación co cliente Elevada cualificación e experiencia profesional Calidade e valor engadido dos traballos	Debilidades Reducido tamaño empresarial Actividade insuficientemente valorada Planificación a curto prazo
OBSERVACIÓNS Dependencia dunha carteira de clientes que permita a posta en marcha do negocio. Elevado nivel de competencia de consultoras non especializadas, de organismos que desenvolven proxectos de potenciación do comercio exterior ou de profesionais independentes.	

Servizos de podoloxía e pedicura a domicilio

SECTOR DE ACTIVIDADE	Sanidade
CNAE/SIC	85.141/80.49
IAE	942.9.

DESCRIPCIÓN Servizo especializado en previr, diagnosticar e tratar por medios conservadores e/ou cirúrxicos as enfermidades que afectan ao pé. Os principais trastornos dos pes, que poden determinar os tipos de servizos a ofrecer, son os seguintes:

- * Calosidade e durezas.
- * Papilonas e verrugas
- * Deformidades nos dedos (dedos en martelo, en garra, xoanetes, etc.)
- * Enfermidades das unllas (unllas encarnadas, unllas engrosadas, fungos, etc.)
- * Alteracións da biomecánicas do pé (pé plano, pé zambo, pé equino, etc.)
- * Problemas neurolóxicos, circulatorios e traumáticos.

XUSTIFICACIÓN A pesar do escaso coñecemento deste servizo, así como a falta de educación na atención aos pes, existe un importante mercado potencial, máxime cando existe unha tendencia ao envellecemento, non só no concello de Santiago, senón na comarca e en Galicia en xeral. Por outra banda, cada vez existe unha maior preocupación polos coidados persoais. Os servizos a domicilio, supoñen un valor engadido apreciado polo público obxectivo.

CARACTERÍSTICAS

Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Persoas maiores, mulleres e nenos
Facturación	39.656,84 €
Investimento/Valor do inmovilizado	27.800 €
Gastos	36.053,18 €
Resultado bruto (%)	9,09%

ANÁLISE COMPETITIVA

Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Media-baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media-Alta

ANÁLISE DAFO

Amenazas Intrusismo profesional Aumento progresivo do número de clínicas Especialidade non integrada no sistema sanitario público	Oportunidades Envellecemento poboacional Incremento do nivel de renda Crecemento do mercado
Fortalezas Profesionalidade Desenvolvemento da especialidade Posibilidade de especialización Posibilidade de fidelizar á clientela Importancia do trato personalizado	Debilidades Actividade pouco coñecida socialmente Estacionalidade na prestación do servizo

OBSERVACIÓNS Necesidade de titulación en podoloxía

Empresa de servizos turísticos e culturais	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Actividades de servizos persoais
CNAE/SIC	74.84-93.05/ 73.89
IAE	966.9
DESCRICIÓN As empresas de servizos turísticos e culturais ofrecen servizos diversos. Entre os máis habituais atópanse os de visitas guiadas aos principais elementos patrimoniais do Concello e as zonas de hostalería e comerciais máis atractivas, información turística de interese, promocións conxuntas, publicidade, catalogación de recursos e realización de informes de estado, edición de guías turísticas etc. Así mesmo, contémlase a posibilidade de complementar esta actividade con outros servizos do sector turístico, como a actividade de axencia de viaxes, xestión da venta con outras empresas (aloxamentos, restauración, transporte...), etc.	
XUSTIFICACIÓN Se temos en conta o perfil de turistas que está a destacar cada vez máis no concello, este caracterízase por ter un nivel adquisitivo medio-alto, idade media avanzada e demandante de determinados servizos que faciliten a súa estancia, a todos os niveis, tanto aloxamento como gastronomía e visitas. Neste senso, cabe falar dunha certa carencia de servizos integrais.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	2 emprendedores e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares, Administración pública e empresas
Facturación	105.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	18.240 €
Gastos	100.619 €
Resultado bruto (%)	4,17%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias-altas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Dependencia da conxuntura económica e das políticas orzamentais	Oportunidades Grande riqueza patrimonial Ampla oferta comercial no concello Ampla oferta hostaleira Auxilio do turismo de élite
Fortalezas Ampla gama de servizos Xestión integral da estancia do turista	Debilidades Actividade empresarial descoñecida Estruturas empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS Importancia deste tipo de empresas para a organización de paquetes turísticos integrados.	

Alugueiro de minibuses (con condutor)

SECTOR DE ACTIVIDADE	Empresas de aluguer
CNAE/SIC	71.21/75.12
IAE	85.41, 85.42
DESCRIPCIÓN Servizo de transporte para grupos reducidos de entre 7 e 19 prazas. Por un lado podería ofrecer un servizo exclusivo que ten o lugar de arranque previamente establecido en hoteis, mercados, aeroportos e outros, cun destino a fixarse a solicitude do usuario. Por outra banda un servizo de traslado de persoas con fins recreativos, culturais e de esparcemento cara centros ou zonas de interese turístico. Dito servizo prestarase en unidades modernas que poderán desprazarse libremente por todo o territorio nacional, sen suxeición a horarios ou rutas determinadas. Neste caso en cada unidade deberá ir un guía turístico remunerado economicamente por quen presta o servizo.	
XUSTIFICACIÓN Por un lado cabe ter en conta a importancia que o sector turístico ten no concello, que en moitas ocasións se despraza ate a cidade por medio de transportes públicos (avión, tren), polo que durante a súa estancia non conta con medio de transporte. Tamén cabe ter en conta o aumento do turismo na sociedade actual, o que xera unha maior demanda de servizos de transporte non só para o lugar de destino, senón para acceder aos distintos aeroportos desde os que se comeza a viaxe.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 4 empregados
Tipos de cliente	Particulares e empresas
Facturación	375.223,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	79.676,00 €
Gastos	344.721,00 €
Resultado bruto (%)	8,13%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Estacionalidade da actividade turística Restricións da lexislación vixente sobre transporte terrestre	Oportunidades Santiago é un lugar estratéxico para o desprazamento dos turistas por toda Galiza Posibilidade de organización integral de excursións, despedidas de solteiro... Preferencia pola contratación de transporte público en lugar do propio vehículo, por comodidade e polos cada vez máis rigorosos controis de tráfico
Fortalezas Cercanía do servizo e atención personalizada Posibilidade de servizo de guía turístico Existe unha necesidade clara de desprazamentos ao aeroporto (grupos visitantes, traballadores aeroporto, compañías aéreas...)	Debilidades Estructuras empresariais pouco desenvolvidas Alto investimento inicial, que se podería paliar con sistema de renting
OBSERVACIÓNS A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (BOE), regula os requisitos específicos que deben reunir os servizos públicos de transporte nas distintas tipoloxías.	

Empresa de canguros políglotas	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Actividades de servizos sociais/Ensinanza
CNAE/SIC	8532-8042/ 83.21
IAE	951
DESCRICIÓN A empresa de canguros políglotas non só serviría para ensinar idiomas coma o inglés, francés, et., senón tamén para ensinar o galego (posicionamento como empresa galega). Por outra banda, podería ofrecer o servizo de canguros aos turistas estranxeiros co fin de que os pais podan deixar aos seus fillos sen preocuparse de que non podan comunicarse cos coidadores.	
XUSTIFICACIÓN A importancia da aprendizaxe dos idiomas de cara a unha maior integración no mercado laboral e pola cada vez maior relación entre países, fai que moitos pais consideren a opción de que os seus fillos aprendan idiomas dende nenos. Por outro lado, cabe dicir que o segmento de turistas estranxeiros aumentou considerablemente nos últimos anos.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 3 empregados
Tipos de cliente	Particulares (poboación local, turistas), establecementos hostaleiros.
Facturación	37.000,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	8.640,00 €
Gastos	34.123,00 €
Resultado bruto (%)	7,78%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Forte competencia das academias particulares Estacionalidade da actividade turística	Oportunidades Importancia dos turistas estranxeiros Cada existe maior conciencia sobre a importancia de aprender idiomas
Fortalezas Ampla oferta de idiomas Posibilidade de desprazamento aos domicilios particulares Disponibilidade de capital humano formado pola existencia das facultades de filoloxía	Debilidades Dimensión reducida da oferta para facer viable o negocio Estrutura empresarial pouco desenvolvida
OBSERVACIÓNS Actividade propicia para a formación de cooperativas de traballo asociado, e para a legalización da situación de mulleres que desempeñan este labor de xeito informal	

Zapatería especializada

SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52.43/56.61
IAE	65.16

DESCRICIÓN Venda exclusiva dunha soa marca de recoñecido prestixio. Este comercio de calzado, pode ofrecer tamén outro tipo de produtos e complementos (carteras, bolsos, etc.), coa mesma diferenciación en calidade.

XUSTIFICACIÓN En Santiago están a proliferar as tendas de téxtil e calzado especializadas en determinadas marcas ou estilos. A necesidade de especialización no comercio téxtil e calzado a través da diferenciación por marca, servirá para combater os efectos da deslocalización que afecta a este sector especialmente, e para afrontar os efectos de implantación de grandes centros comerciais en Santiago.

CARACTERÍSTICAS

Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 2 empregados
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	225.000,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	69.700,00 €
Gastos	203.534,00 €
Resultado bruto (%)	9,54%

ANÁLISE COMPETITIVA

Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Media
Produtos sustitutos	Alta

ANÁLISE DAFO

Amenazas Competencia de grandes superficies comerciais, grandes almacéns e mercados ambulantes Cambios culturais que afectan á moda e aos estilos de vestir	Oportunidades A roupa configúrase como un elemento de identidade persoal Aumento do consumo de prendas de vestir non tanto polo seu valor de uso, senón polo seu valor estético e de diferenciación social.
Fortalezas Fidelización da clientela Posibilidade de diversificar a oferta a outros produtos (bolsos, Carteras) Público obxectivo cun nivel adquisitivo medio-alto	Debilidades Segmento de mercado limitado a determinados grupos sociais. Necesidade de contar cun respaldo económico que permita investir no local e na exclusividade de venda de certas marcas

OBSERVACIÓNS Posible franquía, podendo destacar entre outras, as seguintes compañías: Bijoux España, Funky fish, Lune Blue, Colurs & Beauty... Cada unha delas, destaca por ofrecer produtos cun determinado estilo.

Carpintería metálica	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Fabricación de produtos metálicos
CNAE/SIC	285.12/34.44
IAE	314.1
DESCRIPCIÓN Empresa adicada a obras, reformas, vivendas; aluminio lacado en todos as cores. Portas, ventás, galeras, balcóns, divisións de oficinas, mamparas de baño, acristalamentos. Contaría cos seguintes servizos: *Medición. *Corte. *Montaxe. *Instalación.	
XUSTIFICACIÓN Este sector mantivo unha tendencia á suba no volume de facturación tanto en Galicia como en España. No concello de Santiago están a proliferar as empresas do sector do metal como auxiliares do sector da construción.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 6 empregados
Tipos de cliente	Particulares, promotores e empresas construtoras
Facturación	480.000,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	75.542,00 €
Gastos	399.981,76 €
Resultado bruto (%)	16,67%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Altas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Excesiva dependencia do sector da construción	Oportunidades Aumento da construción na comarca de Santiago
Fortalezas Posibilidade de optar a contratos con importantes construtoras Posibilidade de elaborar un plan de formación interna Posibilidade de contar cunha carteira de clientes de particulares fidelizados	Debilidades Dificultades para atopar persoal cualificado Alto investimento en maquinaria
OBSERVACIÓNS Para a posta en marcha deste tipo de empresas, o emprendedor deberá solicitar a inscrición no Rexistro de Industrias de Carpintería Metálica, xa que a actividade é de carácter industrial. Tamén se debe obter un permiso especial pola maquinaria e pola instalacións eléctrica do local. Para un emprendedor interesado neste tipo de empresa, sería recomendable empezar ofrecéndose como comercial para empresas deste tipo, buscando obras de clientes particulares e de construtoras; isto lle permitiría coñecer de cerca cales son as esixencias do mercado antes de levar a cabo o investimento.	

Cosmética especializada e natural

SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52.33/ 99
IAE	65.22

DESCRICIÓN

Venda de produtos cosméticos das principais liñas importadas e nacionais de cosmética natural, alimentos orgánicos e medicamentos homeopáticos e fitoterápicos que contribúen ao benestar e á calidade de vida. Diversificación da gama de produtos, relacionados cos seguintes áreas:

- * Medicina natural (homeopatía, fitoterapia, Lisadoterapia, Antroposofía, Oligoterapia ou medicina ortomolecular, terapias florais.
- * Nutrición (alimentos orgánicos certificados, suplementos dietarios das principais marcas)
- * Dermocosmética: aceites, preparación de receitas dermatolóxicas e cosméticas.
- * Libros e revistas.

XUSTIFICACIÓN Actualmente están a proliferar determinados establecementos caracterizados pola súa especialización tanto no comercio de textil e calzado como cosmética. Ate o de agora están a ter unha gran aceptación, debido en gran parte ao seu carácter innovador e pola capacidade de adaptación aos distintos segmentos de poboación.

CARACTERÍSTICAS

Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	95.000,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	52.200 €
Gastos	86.561 €
Resultado bruto (%)	8,88%

ANÁLISE COMPETITIVA

Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Medias
Produtos substitutos	Alta

ANÁLISE DAFO

Amenazas Competencia de farmacias, herbarios, centros de dietética, perfumerías, centros comerciais e outro tipo de establecementos non-especializados	Oportunidades Maior preocupación pola saúde e a imaxe Incremento do coñecemento das terapias naturais
Fortalezas Atención personalizada e calidade do servizo Posibilidade de asesoramento personalizado e integral	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Aínda existe gran cantidade de poboación reacia a empregar terapias alternativas.

OBSERVACIÓNS Actualmente existen varias franquías relativas a cosmética, o que reduciría as dificultades iniciais para a apertura do negocio. Cabe destacar entre outras: Holiday Magic cosmética, Indian Queen.

Froitería con servizo a domicilio de zumes e granizados	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52.21/51.48
IAE	641
DESCRICIÓN Establecemento de comercio polo miúdo de alimentación especializado en froitas, así como na elaboración e posterior reparto de zumes e outros preparados. Existe múltiples posibilidades en canto á carteira de produtos. Por unha banda, podería abranguer non só a oferta de froitas, senón tamén de verduras e hortalizas, legumes, setas... Por outra banda podería centrar a súa oferta en froitas tropicais non habituais no noso país (aguacate, lichis, mango ataulfo, papayas, chirimoyas, limas, mangos, piña) o que engadiría o poder de atracción do establecemento. Por último a elaboración de zumes e outros preparados, así como o seu posterior reparto a domicilio, suporía un aliciente máis para a elección do establecemento, sobre todo tendo en conta a competencia existente neste tipo de alimentos, principalmente por parte das grandes superficies.	
XUSTIFICACIÓN O carácter innovador desta actividade empresarial é o principal elemento xustificador da oportunidades de negocio. Cabe ter en conta que a elaboración e reparto de zumes é algo habitual en países sudamericanos, no en tanto dita experiencia podería ser transportable ao noso país. A este respecto, o feito de coñecer ou proceder de países con esta tradición, pode ser unha vantaxe competitiva para o emprendedor.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor, 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	84.150,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	16.610,00 €
Gastos	60.246,00 €
Resultado bruto (%)	28,41%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Media
Barreiras de saída	Media
Intensidade da competencia	Alta
Produtos sustitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Estacionalidade na produción de determinados produtos Conservadurismo de determinados segmentos de poboación (principalmente maiores) á hora de adquirir froitas tropicais Competencia de grandes superficies, froiterías convencionais, supermercados...	Oportunidades Maior preocupación pola alimentación Perfil de consumidor actual cada vez máis exixente Importancia do segmento de estudantes na cidade de Santiago, caracterizado por unha maior intención de compra e de produtos exóticos.
Fortalezas Carácter innovador Moitas posibilidades de innovación e diversificación de produtos Posibilidades de reparto a domicilio Unha das fortalezas do local debe ser a decoración atractiva e o escaparate, que provoquen a compra por impulso	Debilidades Dificultades para adquirir determinados produtos Importancia da ubicación do establecemento
OBSERVACIÓNS De cara a posta en marcha dun comercio de alimentación, compre consultar previamente o Convenio colectivo comercio de alimentación da provincia (neste caso da Coruña): DOG nº 184 do 21 de setembro de 2001. Sobre todo ao principio, será importante ofrecer degustacións para dar a probar froita descoñecida para a nosa cultura gastronómica.	

Alugueiro de coches con publicidade

SECTOR DE ACTIVIDADE	Empresas de aluguer
CNAE/SIC	71.10/75.12
IAE	85.41, 85.42

DESCRICIÓN A diferenza do aluguer de coches tradicional, neste formato de negocio, o custe do aluguer é asumido tanto polo anunciante como polo cliente. Deste xeito, calquera empresa pode dispoñer dun espazo para publicitarse de xeito innovador e asegurándose de que a súa oferta sexa coñecido en máis dun lugar. Por outra banda, o cliente/alugador, pode dispoñer dun vehículo a un menor custe.

XUSTIFICACIÓN O aluguer de automóviles é un servizo que se limita en moitos casos a determinados segmentos de poboación, debido ao seu alto custe. Por outra banda existen outros segmentos de poboación, que non tendo un nivel adquisitivo suficiente, presentan igualmente necesidade de desprazamento, como poden ser os estudantes (que se desprazan ao seu lugar de procedencia a fin de semana), poboación xoven residente nos concellos de arredor), ou mesmo turistas cun nivel adquisitivo medio. Así, o feito de que o anunciante asuma parte do custe, ampliaría en gran medida o público obxectivo deste tipo de servizos

CARACTERÍSTICAS

Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares e empresas
Facturación	365.220 €
Investimento/Valor do inmovilizado	79.676 €
Gastos	334.000 €
Resultado bruto (%)	8,55%

ANÁLISE COMPETITIVA

Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta

ANÁLISE DAFO

Amenazas Competencia directa cas empresas convencionais de aluguer de automóviles Posibilidade de acordos con axencias de viaxe e tour operadores	Oportunidades Gran mobilidade intermunicipal na comarca, con continuos desprazamentos entre Santiago e o resto dos concellos da comarca Insuficiencia dos servizos públicos de transporte na zona
Fortalezas Baixo custe do servizo Posibilidade de campaña de comunicación para os posibles anunciantes	Debilidades Elevado investimento inicial

OBSERVACIÓNS A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (BOE), regula os requisitos específicos que deben reunir os servizos públicos de transporte nas distintas tipoloxías.

Restaurante temático: almozos, comidas e ceas de traballo	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Hostalería
CNAE/SIC	55.30/ 58.12
IAE	671
DESCRIPCIÓN Disposición de salóns en planta baixa. Equipados cos últimos avances tecnolóxicos: canón de proxección, DVD, VHS, megafonía, videoconferencia, pantallas, atril, tradución simultánea, azafatas, relacións públicas, etc.	
XUSTIFICACIÓN A situación estratéxica de Santiago a configura como un lugar idóneo para reunións de traballo das empresas de toda Galicia, á marxe das xa instaladas no propio concello. Por outra banda, existe unha clara tendencia de crecemento da relación comida-negocio.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	
Necesidades de persoal	Santiago
Tipos de cliente	1 emprendedor e 3 empregados (1 a xornada completa e 2 a tempo parcial)
Facturación	Particulares
Investimento/Valor do inmovilizado	200.000 €
Gastos	60.000 €
Resultado bruto (%)	186.845 €
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Sensibilidade cara a factores económicos	Oportunidades Crecemento da relación comida-negocios Crecemento do uso das novas tecnoloxías
Fortalezas Posibilidade de innovar no estilo minimalista de deseño e a funcionalidade para reunións Escasa saturación da restauración no concello	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Dificultade para conseguir a atracción de clientes da comarca
OBSERVACIÓNS Importancia da estética do local, pero sobre todo da comodidade e da funcionalidade. Unha idea sería relacionar o estilo minimalista no deseño coa funcionalidade para o público obxectivo (orientado a profesionais liberais, empresarios, comerciais, executivos, etc.)	

Ortopedia	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Servizos de saúde. Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	5232/5999
IAE	6593
DESCRIPCIÓN Os produtos e servizos comercializados por unha ortopedia ofrecen solucións para a asistencia e rehabilitación de persoas con algunha discapacidade funcional, ou para facilitarlles a realización das tarefas da vida cotiá. As ortopedias poden contar con obradoiro de adaptación de próteses, ou poden adicarse unicamente á comercialización de axudas técnicas. A carteira de produtos dunha ortopedia adoita incluír: artigos para aseo, axudas técnicas para a mobilidade das persoas (andadores, bastóns, cadeiras de rodas...), grúas, produtos de descanso (camas, cadeiras de brazos, colchóns...)	
XUSTIFICACIÓN A tendencia ao envellecemento da poboación da comarca, en consoancia cos datos a nivel galego, propician unha maior demanda de produtos cuxo fin é o de aumentar a autonomía persoal. Cabe ter en conta que as inversións en I+D, conlevan a aparición de novas liñas de actividade, o que permite falar dun número cada vez máis amplo de produtos. Por outra banda, cabe ter en conta que existe unha baixa saturación deste tipo de comercio na comarca	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Persoas con algunha discapacidade funcional, persoas maiores, deportistas e nenos.
Facturación	100.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	51.500 €
Gastos	90.010 €
Resultado bruto (%)	9,99%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixa
Barreiras de saída	Media-baixa
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas A obsolescencia do produto é, en ocasións, moi rápida, o que dificulta a eliminación de stock	Oportunidades Crecemento da poboación de máis idade: maiores necesidades asociadas á saúde
Fortalezas Atención personalizada e calidade do servizo Venda por catálogo, por Internet, etc Moitas mulleres con estudos da rama sanitaria na comarca	Debilidades Falla de cultura empresarial con respecto a este sector Estruturas empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS O número de persoas con algunha discapacidade funcional e de persoas maiores está a se incrementar en España, representando o mercado potencial das ortopedias, aínda que o emprendedor debe ter en conta outros sectores da poboación, como nenos ou deportistas.	

Tenda especializada para maiores	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	5242/5641
IAE	651
DESCRIPCIÓN Venda de artigos que axudan a solucionar os problemas que aparecen na vida diaria a consecuencia da idade, para que a xente maior poda vivir con seguridade nas súas casas e podan seguir facendo as súas actividades habituais con independencia: sillón de posta en pe, cubertos e útiles de cociña, materiais anti-deslizantes, mobiliario ergonómico, axudas para vestirse... Este sería un exemplo de empresa deslocalizada con posibilidade de venda por Internet	
XUSTIFICACIÓN A pesar de que Santiago presenta uns índices de envellecemento relativamente baixos, cabe dicir que a nivel comarcal e galego, os maiores están a adquirir cada vez máis importancia no conxunto da poboación. Así, tendo en conta a poder de atracción comercial de Santiago, a creación dunha tenda especializada en maiores configúrase como unha oportunidade	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 traballador
Tipos de cliente	Particulares, centros asistenciais
Facturación	105.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	64.700 €
Gastos	95.184 €
Resultado bruto (%)	9,35%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias-altas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Baixa cultura do consumo no segmento de maiores Necesidade de abarcar un amplo mercado	Oportunidades Incremento do nivel de renda Tendencia ao envellecemento na comarca e en Galicia Gran capacidade de poder comercial de Santiago
Fortalezas Atención personalizada e calidade do servizo Diversificación de produtos	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estruturas empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS Posibilidade de franquía. Neste senso cabe destacar a empresa "La tienda del abuelo", como unha das pioneiras neste tipo de establecementos.	

Empresa de mensaxeiría	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Servizos de transporte
CNAE/SIC	64120/42120
IAE	849,5
DESCRICIÓN As empresas de mensaxeiría realizan reparto de envíos no ámbito urbano e/ou interurbano, incluíndo os servizos de recollida, manipulación, clasificación e entrega de paquetes. Dentro desta actividade distínguense dous tipos de servizos: A) Paquetería industrial: servizos programados, non urxentes e, polo xeral, periódicos. B) Paquetería empresarial: servizos urxentes, xeralmente paquetes cun peso e tamaño reducidos e unha ampla diversidade de destinos Así mesmo, poden prestarse outro tipo de servizos, como presentación e tramitación de documentos ante distintos organismos, recollida de documentos e paquetes en apartado de correos, etc.	
XUSTIFICACIÓN Actualmente está a aumentar o número de empresas con actividade económica ou sede central en Santiago. Tamén están a xurdir novas empresas en toda a comarca, pola creación ou proxección de novos polígonos industriais. A isto cómpre engadirle a situación estratéxica de Santiago no conxunto de Galicia. Por outra banda, en Santiago concéntranse igualmente gran parte dos organismos da administración, o que fai viable o servizo de presentación e tramitación de documentos ante distintos organismos.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 5 empregados (1 administrativo e 4 repartidores)
Tipos de cliente	Empresas, institucións e particulares
Facturación	182.313 €
Investimento/Valor do inmovilizado	39.100 €
Gastos	171.629 €
Resultado bruto (%)	5,86%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Media-baixa
Barreiras de saída	Baixa
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Dispersión da poboación e as empresas en toda a comarca	Oportunidades Tendencia á subcontratación dos servizos loxísticos Situación xeográfica boa por situarse no centro de Galicia
Fortalezas Estruturas flexibles Interconexión por medio de novas tecnoloxías	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Continuo aumento do prezo do carburante
OBSERVACIÓNS Servizo auxiliar para as empresas dos polígonos. Posibilidade de franquía ou concesión	

Tinturería franquizada	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Servizos persoais
CNAE/SIC	5274/5999
IAE	6599
DESCRIPCIÓN Tinturería que ofrece servizos de lavandeira e limpeza en seco para prendas textís, peles, alfombras, edredóns e mantas, ademáis de tinguir.	
XUSTIFICACIÓN ☐ índice de saturación deste tipo de actividades é relativamente baixo no concello de Santiago. Aumento da demanda de servizo de limpeza de roupa para vodas e eventos tanto no concello como na comarca.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares e empresas de hostalería
Facturación	190.630 €
Investimento/Valor do inmovilizado	120.202 €
Gastos	175.905 €
Resultado bruto (%)	7,72%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Dificil rendibilizar a franquía polos prezos baixos e a pequena marxe de beneficios Actividade estacional	Oportunidades Escasa oferta deste tipo de establecementos en Santiago Importancia do sector hostaleiro, gran demandante deste tipo de servizos
Fortalezas Boa imaxe e calidade Rapidez na entrega e bo prezo	Debilidades Dificultades económicas iniciais
OBSERVACIÓNS ☐ investimento inicial céntrase na prima da franquía, maquinaria, aluguer do local e rehabilitación deste.	

Reciclaxe de tóners e venda de consumibles

SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52470/5943
IAE	6594X
DESCRICIÓN Reciclaxe de cinta matricial, cartucho de chorro de tinta e tóner para impresoras láser e comercialización por xunto e polo miúdo de consumibles para oficinas (CDs, material de papelería,...)	
XUSTIFICACIÓN Escaseza de tendas especializadas neste tipo de servizos. A demanda deste tipo de servizos provén principalmente de aquelas empresas cuxa actividade se centre en traballos de oficina, como a administración ou o sector servizos. Ambos teñen unha gran importancia no concello de Santiago.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 2 empregado
Tipos de cliente	Institucións públicas, empresas (xestorías, distribuidores particulares)
Facturación	375.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	42.070 €
Gastos	358.101 €
Resultado bruto (%)	4,51%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Reticencias do mercado ao descoñecido Competencia de grandes distribuidoras e librarías.	Oportunidades Maior conciencia en cuestións medioambientais e de reciclado Escasa oferta destes servizos a pesar da importancia da administración no concello Crecemento do mercado de material de oficina e papelería. Aparición de novas formas de comercialización.
Fortalezas Carácter innovador Ofrecer un produto diferenciado Fiabilidade da nova tecnoloxía do reciclado	Debilidades Necesidade de manter un stock bastante elevado Estándar de servizo moi esixente (moi bo servizo postvenda, dispoñibilidade total de artigos, etc.)
OBSERVACIÓNS Debese considerar a posibilidade de combinar o sistema tradicional (autoservicio, venda en tenda) con novas formas de comercialización (venda directa por catálogo, comercio electrónico)	

Venda, reparación e mantemento de equipos e sistemas informáticos	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Actividades informáticas
CNAE/SIC	7250/8999
IAE	699
DESCRIPCIÓN Tenda de informática, especializada en sistemas de seguridade, videovixilancia, protección persoal, etc.	
XUSTIFICACIÓN Por unha banda, a demanda de equipos informáticos é cada vez maior, pola tendencia á informatización tanto das empresas, como a un maior uso das novas tecnoloxías por amplas capas da sociedade. Por outra banda, as novas tecnoloxías son cada vez máis utilizadas con fins asistenciais, tanto para a poboación maior como infantil.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 4 empregados
Tipos de cliente	Particulares, empresas, administración
Facturación	394.286 €
Investimento/Valor do inmovilizado	45.000 €
Gastos	375.500 €
Resultado bruto (%)	4,76%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia das grandes superficies comerciais Mercado cíclico	Oportunidades Políticas actuais orientadas á expansión das novas tecnoloxías a todas as capas e ámbitos da sociedade.
Fortalezas Compromiso cos clientes: prazos, prezos e calidade. Bo servizo postvenda	Debilidades Marxes moi reducidas de beneficio motivadas polos perfíles de clientes (empresas e administración). Prezos moi axustados e pagos moi longos
OBSERVACIÓNS Importancia da formación continua e dun profundo coñecemento do mercado.	

Tenda de ocio alternativo	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Ocio
CNAE/SIC	5248/5945
IAE	6599
DESCRICIÓN Tenda de ocio alternativo que ofrece cómics, warhammer (xogos de estratexia militar), xogos de cartas coleccionables, que en realidade serían como xogos de estratexia pero en versión portátil, xogos de roll e merchandising (miniaturas, camisetas, etc.)	
XUSTIFICACIÓN O uso do tempo libre e o ocio cobra especial importancia na sociedade actual, na medida en que este se configura como a forma de evasión e desconexión coa vida laboral ou escolar dependendo do segmento de poboación. Este feito xera un maior dinamismo da "economía do ocio". Dito dinamismo tradúcese tanto nun aumento da demanda de produtos vencellados ao ocio, como nunha maior diversificación, xa que ao marxe da oferta convencional e maisificada que representan actividades como o cine, nos últimos anos aumentou a demanda de determinados produtos alternativos. Por outra banda cabe ter en conta que o público obxectivo o compón principalmente a poboación nova (de 10 a 35 anos), e dito segmento é de gran importancia no concello (importancia dos estudantes), así coma en concellos próximos (principalmente Ames e Teo)	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares (entre 10-35 anos)
Facturación	98.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	35.000 €
Gastos	95.349 €
Resultado bruto (%)	2,71%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Opción de descargas ilegais por internet Competencia de grandes superficies	Oportunidades A xente gasta cada vez máis en ocio Importancia do segmento de poboación xuvenil no concello e comarca
Fortalezas O bo trato supón a fidelización da clientela Importancia do boca a boca Planificación, boa administración e xestión de stocks	Debilidades Baixo marxe de beneficios Proceso lento de captación de clientes
OBSERVACIÓNS Importancia de permanecer informado sobre os materiais novos que van saíndo ao mercado.	

Tenda de alimentación	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo de alimentación
CNAE/SIC	522/541
IAE	641
DESCRICIÓN A oportunidade de negocio de tenda de alimentación enténdese como unha recuperación do ultramarinos tradicional, pero cunha imaxe e un sistema comercial innovador. Ofrecen moita calidade, especialmente en froita e vexetais frescos. Ademais dunha boa sección de charcutería, ultramarinos en xeral, pan e bolería, conxelados e produtos de limpeza e menaxe.	
XUSTIFICACIÓN A pesar de que os supermercados e as grandes superficies comerciais aglutinan unha porcentaxe moi alta do gasto en alimentación por persoa, cabe ter en conta que os horarios laborais obrigan moitas veces a optar por comprar no comercio de proximidade para o aprovisionamento diario de produtos de alimentación e fogar. Por outra banda, cada vez é máis valorada a calidade dos produtos, característica esencial deste tipo de establecementos.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares (xente do barrio)
Facturación	42.250 €
Investimento/Valor do inmovilizado	26.444,54 €
Gastos	38.956 €
Resultado bruto (%)	7,80%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Alta
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia das grandes superficies	Oportunidades Tendencia ao aumento do gasto en alimentación por persoa Compras de última hora para a poboación con horarios flexibles.
Fortalezas Boa atención e proximidade co cliente Educación amabilidade e asesoramento Especialización en froitería e charcutería	Debilidades Importancia da ubicación do local Necesidade de fidelización da clientela
OBSERVACIÓNS Posibilidade de servizo a domicilio cando as compras sexan voluminosas. Se ben a zona vella de Santiago conta xa cunha oferta suficiente deste tipo de establecementos, existen outros barrios en Santiago nos que apenas existen, como no Ensanche ou en Pontepedriña.	

Videoclube especializado	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52488/5999
IAE	6599
DESCRICIÓN Aluguer de películas e especialización en vendas baixo encargo de películas para coleccionistas (en xeral descatalogadas). Igualmente pode especializarse en determinado estilo (clásico, histórico...)	
XUSTIFICACIÓN A pesar de existir numerosos videoclubes convencionais en Santiago de Compostela, estes presentan un grao moi baixo de especialización, polo que este pode ser un factor de éxito. Cabe ter en conta que existe algunha experiencia semellante no propio concello que resultou exitosa.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares (poboación de 20-50 anos)
Facturación	65.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	18.000 €
Gastos	61.500 €
Resultado bruto (%)	5,38%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Medias
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Aumento das descargas ilegais por internet Venda de películas en grandes superficies comerciais	Oportunidades Importancia dos estudantes, así como existencia de estudantes de disciplinas afíns ao mundo cinematográfico como Historia da Arte Aumento no tempo de ocio. Igualmente, esta opción de ocio resulta cada vez máis demandada polo seu baixo custo Aparición de novas formas de comercialización.
Fortalezas Coñecemento do perfil psicolóxico dos clientes e oferta de produtos en base a este Posibilidade de boas ofertas para os socios	Debilidades Importancia da ubicación Público obxectivo moi delimitado
OBSERVACIÓNS Posibilidade de envío postal dos encargos de películas descatalogadas, o que ampliaría o mercado potencial de clientes.	

Tenda de roupa de tallas especiais	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	5621
IAE	6515/52420
DESCRICIÓN Tenda de moda especializada en tallas especiais da 46 para diante	
XUSTIFICACIÓN A existencia de determinadas marcas ou cadeas de roupa que marcan a moda, fai que existan unha gran oferta de determinados estilos ou prendas, que en moitos casos non se axustan ás necesidades de determinados segmentos de poboación. Así pódese constatar a falta de oferta no concello de Santiago de Compostela de tendas de tallas especiais, a pesar de ser considerado unha das principais áreas comerciais de Galicia.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares (mulleres de 30 a 50 anos)
Facturación	100.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	90.150 €
Gastos	90.974 €
Resultado bruto (%)	9,03%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Baixa
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Existencia de fortes competidores no mercado	Oportunidades Demanda deste tipo de artigos non cuberta. As tendas de roupa convencionais apenas contan con tallas de máis do 46.
Fortalezas Variedade de estilos Trato persoal para facer que se sintan a gusto	Debilidades Establecer os contactos iniciais Os beneficios retránsanse bastante no tempo
OBSERVACIÓNS ○ “boca a boca”, ofertas de artigos, merchandising, venda por catálogo e por Internet, son medios interesantes para facer chegar a oferta ao público obxectivo.	

Tenda de conveniencia	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	55400/581
IAE	675
DESCRICIÓN Tenda de pan, lambetadas, prensa e varios artigos de alimentación dirixida, principalmente, a aqueles segmentos de poboación que adoitan chegar tarde a casa: boiería, empanadas artesanais, pastas, salsas e aceites, ect. Distínguense dous tipos de tendas de conveniencia: as situadas en estacións de servizo, que poden pertencer á empresa petroleira ou a un particular; e as situadas fóra do contorno das estacións, entre as que, á súa vez, encontramos tendas de empresarios individuais e as pertencentes a grandes cadeas nacionais.	
XUSTIFICACIÓN Os novos hábitos de consumo, propiciados pola progresiva incorporación da muller ó traballo, a extensión da xornada laboral e a vontade do consumidor de facer as súas compras en calquera momento do día favorecen o desenvolvemento do mercado das tendas de conveniencia. Ademais, a escasez de supermercados na zona vella de Santiago e a grande afluencia de xente nova pola noite, apunta a esta zona de Santiago como a máis propicia para a implantación dun comercio deste tipo.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	300.506 €
Investimento/Valor do inmovilizado	77.380 €
Gastos	274.149 €
Resultado bruto (%)	8,77%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Alta
Produtos sustitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas A implantación, na Comunidade Galega, de establecementos pertencentes a grandes cadeas de conveniencia de ámbito nacional constitúe unha importante ameaza para os negocios particulares. A liberdade de horario aprobada para o pequeno comercio tamén supón para as tendas de conveniencia certa perda de posición competitiva.	Oportunidades O mercado das tendas de conveniencia atópase nun período de forte expansión, motivado sobre todo pola masiva implantación deste tipo de establecementos na rede de estacións de servizo
Fortalezas Amplitude de horario e variedade de oferta	Debilidades Importancia de estar ubicada nun sitio de paso Dificil fidelización da clientela Elevados gastos de persoal e o escaso poder de negociación cos provedores
OBSERVACIÓNS Os establecementos de conveniencia deben cumprir unhas especificacións en canto a superficie (máximo de 500 m ²), horario de apertura (mínimo de dezaioito horas diarias) e variedade da oferta de produtos (debe estar equilibrado entre prensa e revistas, libros, artigos de alimentación, xoguetería e artigos varios). É de destacar o éxito que os 24 horas acadaron en Santiago dende a súa implantación, se ben é certo que estes establecementos están ubicados principalmente no Ensanche da cidade. A ubicación na zona monumental parece a máis apropiada pola escasez deste tipo de comercio.	

Comercio polo miúdo de pescados e mariscos frescos e conxelados	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo de alimentación
CNAE/SIC	5212/5421
IAE	641
DESCRICIÓN Venda de pescados e mariscos frescos e conxelados, así como xelados.	
XUSTIFICACIÓN O marisco é un dos símbolos máis representativos da gastronomía galego, polo que a súa venda polo miúdo a particulares contaría cunha gran aceptación por parte dos visitantes, principalmente pola posibilidade de reparto a domicilio e conxelado. Por outra banda, a pesar de non tratarse de produtos de consumo diario, cabe destacar a gran demanda por parte do sector hostaleiro, así como por parte de particulares en datas sinaladas.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 3 empregado (1 dependente e 2 repartidores)
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	290.300 €
Investimento/Valor do inmovilizado	66.111 €
Gastos	271.200 €
Resultado bruto (%)	6,58%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Flutuacións da demanda en función da época do ano Competencia de grandes superficies comerciais	Oportunidades Santiago é unha zona de paso e dunha gran actividade turística
Fortalezas Produtos de calidade Reparto a domicilio	Debilidades Ubicación en zona de estrada (zona de tránsito)
OBSERVACIÓNS A aparición de novas canles de comercialización posibilita dar a coñecer o produto máis aló do entorno do establecemento, así como aumentar o mercado potencial co reparto a domicilio. O marisco como produto autóctono da gastronomía galega xera unha gran demanda entre turistas e visitantes. A posibilidade de contar cun servizo de entrega en destino para toda a península requiriría dunha especial atención en embalaxes, transporte e conservación, pero podería ser unha innovación interesante no proceso comercializador do produto.	

Empresa de vending	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	52632/5962
IAE	6475
DESCRICIÓN Cesión de máquinas de café e bebidas quentes, frías e snacks. Posteriormente a empresa adicase á explotación, reposición e limpeza a cambio da recadación.	
XUSTIFICACIÓN O café é o estimulante natural por excelencia, e o seu consumo maioritario entre os traballadores. En Santiago e comarca existen un gran número de empresas medianas, en torno aos 40 empregados, que representan o mínimo para ser rendibles.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 3 empregados (2 repartidores e 1 administrativo)
Tipos de cliente	Empresas de máis de 40 empregados e administración
Facturación	55.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	30.000 €
Gastos	49.000 €
Resultado bruto (%)	10,91%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Medias
Produtos substitutos	Medias
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Ubicación de moitas cafeterías no entorno das empresas nas que se ubican as máquinas	Oportunidades En Santiago e comarca existen un gran número de empresa medianas, en torno aos 40 empregados, que representan o mínimo para ser rendibles. Tendencia a acondicionar office nas empresas do sector servizos ou administración.
Fortalezas Facilitade de mantemento das máquinas	Debilidades Dificultade para conseguir contratos con empresas.
OBSERVACIÓNS Este tipo de máquinas adoitan ser ubicadas en empresas cun consumo polo menos de 200 cafés mensuais, cun mínimo de 40 empregados. De todas formas, hai que ter en conta que Santiago é unha cidade con moito movemento de xente durante todo o ano, polo que as máquinas expendedoras serían rendibles se están ubicadas en lugares de paso (turistas, peregrinos, estudantes, etc.)	

Distribuidora de produtos alimenticios	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Sector maiorista e sector da alimentación
CNAE/SIC	513/51
IAE	612
DESCRIPCIÓN As empresas de comercio por xunto de produtos alimenticios son o nexo de unión entre os produtores e os consumidores finais, mercando os produtos aos produtores e distribuíndoos a outros establecementos. Os produtos que distribúen son variados, incluíndo por exemplo: froitas, verduras, hortalizas, viño, licores, carnes, queixos, aceites, produtos de pastelería e confitería, etc	
XUSTIFICACIÓN As dificultades dos produtores para comercializar os seus produtos son un dos maiores problemas aos que se teñen que enfrontar no mercado actual. A posibilidade de contar cunha empresa distribuidora e outros apoios coma o proxecto da granxa dixital no concello de Brión fan desta iniciativa un negocio con expectativas de crecemento	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Brión, Val do Dubra, Vedra, Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 4 empregados (2 repartidores, 1 comercial e 1 administrativo)
Tipos de cliente	Establecementos de hostalería (principalmente restaurantes) e tendas especializadas
Facturación	1.900.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	48900 (+150000 en mercaderías)
Gastos	1.747.970 €
Resultado bruto (%)	8%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Media-alta
Barreiras de saída	Media-baixa
Intensidade da competencia	Alta
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Competencia con grandes distribuidoras	Oportunidades Posta en marcha do Proxecto "Granxa dixital no concello de Brión" Existencia dun elevado número de produtores na comarca Importancia do sector primario en concellos da comarca Políticas municipais encamiñadas a impulsar o sector primario
Fortalezas Produtos cun alto nivel de confianza Capacidade de fidelización da clientela	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estructuras empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS Necesidade dunha nave industrial. Importancia de distribuir produtos típicos da comarca máis aló da tarta de Santiago, co fin de crear unha marca e crear identidade comarcal. O cliente final serían tanto turistas e visitantes como residentes da comarca.	

Tenda infantil	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	5242/5641
IAE	651
DESCRICIÓN O comercio polo miúdo de artigos infantís inclúe a venda de diversos produtos, os máis habituais dos cales son: roupa e calzado infantil, confección e artigos de bebé, roupa prenatal, artigos de hixiene, puericultura (berces, colchóns, almofadas...).	
XUSTIFICACIÓN As características dos núcleos residenciais dos concellos como Teo e Ames, así como o maior incremento de gasto nos artigos para nenos, conduciron a identificar esta actividade empresarial como unha oportunidade de negocio nestes concellos.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames, Teo e Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 traballador
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	105.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	64.700 €
Gastos	95.184 €
Resultado bruto (%)	9,35%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias-altas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Descenso da natalidade Competencia con grandes centros comerciais e cadeas de roupa infantil	Oportunidades Incremento do nivel de renda Incremento do consumo por neno
Fortalezas Atención personalizada e calidade do servizo Diversificación de produtos	Debilidades Escasa formación en creación e xestión de empresas Estruturas empresariais pouco desenvolvidas
OBSERVACIÓNS Demanda de produtos para nenos insuficiente, polo que a oferta non se reduciría só a roupa	

Obradoiro manualidades	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Formación non reglada
CNAE/SIC	8042/8299
IAE	9339
DESCRIPCIÓN Impartición de obradoiros sobre diversas técnicas dentro das manualidades, como oferta de ocio e entretemento dirixidos a tódolos membros da familia.	
XUSTIFICACIÓN Éxito de empresas semellantes apoiadas con créditos de Caixa Galicia	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames, Teo, Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	24.600,00 €
Investimento/Valor do inmovilizado	18.650,00 €
Gastos	23.054,00 €
Resultado bruto (%)	6,28%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media-Alta
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Oferta crecente doutros tipos de actividades enfocadas a satisfacer as demandas de ocio e entretemento da poboación (actividades deportivas, musicais, cine, televisión, etc.)	Oportunidades Necesidade de actividades de ocio e relaxación por parte da poboación que traballa fóra de casa Posibilidade de expoñer os traballos realizados como estratexia de promoción Posibilidade de establecer convenios co concello, asociacións, colexios, etc.
Fortalezas Investimento inicial relativamente baixo Posibilidade de enfocar os servizos a distintos segmentos de idade	Debilidades Dimensión reducida da oferta para facer viable o negocio
OBSERVACIÓNS Posibilidade de ofrecer descontos a grupos familiares e ofertar cursos para pais e fillos no mesmo horario Posibilidade de compaxinar a impartición de obradoiros coa venda de material para manualidades	

Salón de beleza	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Servizos persoais
CNAE/SIC	93.02/72.31
IAE	972
DESCRICIÓN Os salóns de beleza son establecementos que ofrecen unha oferta diversa de tratamentos estéticos, faciais e corporais. Pode tratarse de centros especializados en servizos concretos, ou abarcar unha ampla gama de servizos incluíndo, por exemplo, limpeza faciais, tratamentos de unllas, diversas técnicas de depilación, solarium, masaxes, tatuaxe e pearking, etc.	
XUSTIFICACIÓN Éxito de empresas semellantes apoiadas con microcréditos de Caixa Galicia	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames, Teo e Santiago
Necesidades de persoal	1 emprendedor e 1 empregado
Tipos de cliente	Particulares: mulleres maioritariamente e homes en pequena proporción.
Facturación	65.057 €
Investimento/Valor do inmovilizado	27.897 €
Gastos	59.770 €
Resultado bruto (%)	8,13%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos sustitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Alta competencia en servizos básicos Proliferación doutro tipo de empresas que ofrecen servizos integrais de saúde e beleza (spa, balnearios, ximnasios...)	Oportunidades Tendencia a un maior coidado estético persoal tanto en mulleres como homes Posibilidades de innovación neste tipo de negocios (decoración, tratamentos, etc.)
Fortalezas Trato personalizado cos clientes Importancia da imaxe do persoal, decoración, detalles de cortesía con clientes, etc.	Debilidades Deficiencias técnicas no persoal recién titulado
OBSERVACIÓNS O incremento de salóns de beleza e perruquerías, fai necesaria a diferenciación deste tipo de negocios. Unha forma de diferenciación consiste na imaxe do local. A oferta adaptada a un público obxectivo xoven ou de mediana idade, require unha estética do local baseada no deseño, mobiliario, tipo de música, etc.	

Asesoría fiscal, contable e mercantil	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial
CNAE/SIC	74.120-74.141/73.99.
IAE	842-849.7
DESCRIPCIÓN Unha asesoría fiscal, contable e mercantil é aquela empresa cuxa actividade consiste na prestación a terceiros de servizos de asesoramento especializados e sustentados na capacidade e experiencia do profesional ou profesionais que o integran.	
XUSTIFICACIÓN A ubicación dunha asesoría nun concello en expansión permite captar como clientes a tódalas empresas de recente constitución da zona, xa que requirirán dos seus servizos. Cabe ter en conta que nestes concellos estase a experimentar un incremento dos locais para comercio e hostalería, fundamentalmente.	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames, Teo e Brión
Necesidades de persoal	Dous emprendedores e un empregado
Tipos de cliente	Particulares e empresas.
Facturación	56.735 €
Investimento/Valor do inmovilizado	16.650 €
Gastos	53.515 €
Resultado bruto (%)	5,67%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Baixas
Barreiras de saída	Baixas
Intensidade da competencia	Media
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Existencia de grandes empresas especializadas en determinadas áreas	Oportunidades Tendencia á externalización de determinados servizos administrativos e contables por parte das empresas Baixa saturación deste tipo de negocios
Fortalezas Diversificación de produtos e servizos Baixo prezo	Debilidades Limitacións derivadas da excesiva atomización e o reducido tamaño empresarial
OBSERVACIÓNS A asesoría é unha actividade de libre exercicio, é dicir, as asesorías non están obrigadas a realizar ningún trámite especial para a súa creación nin se esixe o cumprimento de ningún requisito para o exercicio da actividade, mentres que a denominación de xestoría só pode ser utilizada polos Xestores Administrativos	

Reparación de calzado	
SECTOR DE ACTIVIDADE	Comercio polo miúdo
CNAE/SIC	5271/7251
IAE	699
DESCRICIÓN Os obradoiros de arranxo de calzado son aqueles establecementos nos cales se leva a cabo a reparación e mantemento de calzado e artigos de marroquinería xa usados na súa maioría, aínda que tamén poden darse casos en que se adapte calzado novo. A reparación pode realizarse con ou sen achega de novos compoñentes, empregando os materiais, ferramentas e máquinas requiridas para cada caso.	
XUSTIFICACIÓN Inexistencia deste tipo de negocios	
CARACTERÍSTICAS	
Concello	Ames, Teo e Brión
Necesidades de persoal	1 emprendedor
Tipos de cliente	Particulares
Facturación	28.000 €
Investimento/Valor do inmovilizado	14.800 €
Gastos	23.974 €
Resultado bruto (%)	14,38%
ANÁLISE COMPETITIVA	
Barreiras de entrada	Medias
Barreiras de saída	Medias
Intensidade da competencia	Baixa
Produtos substitutos	Media
ANÁLISE DAFO	
Amenazas Dificultade para se diferenciar. Progresiva substitución da reparación do calzado pola compra de calzado novo.	Oportunidades A empresa de calzado abrangue o maior número de servizos posibles como arranxo de marroquinería, copia de chaves, venda de produtos, etc...
Fortalezas Diversificación de produtos e servizos Baixo prezo Baixa saturación deste tipo de establecementos nos concellos propostos e excesiva saturación no concello de Santiago	Debilidades Importancia da ubicación do negocio
OBSERVACIÓNS Posibilidade de ofrecer outros servizos como a venda de produtos de limpeza para o calzado, soletas ou inclusive bolsos e zapatos. Alén diso, tamén poden realizar outras actividades non relacionadas co calzado, como son o duplicado de chaves e de mandos a distancia.	

